WWW.SOSRACISMOGALICIA.ORG

RACISMO E XENOFOBIA EN GALICIA

INFORME ANUAL 2020

SOS RACISMO Galicia

Elabora
SOS Racismo Galicia

Publicación
Xullo 2021, Galicia

Financia
Xunta de Galicia

O ano 2020 non foi un ano calquera, foi o ano que marcou un antes e un despois en todas as vidas, poren non todas as vidas, como a experiencia e os datos demostran sufriron as consecuencias e o impacto da pandemia Covid-19 coa mesma intensidade ou mellor dito, coa mesma precariedade.

Na Oficina de Información e Denuncia de Sos Racismo Galicia (OID), traballamos con persoas, as sentimos, as acompañamos e estamos ao seu carón para denunciar as vulneracións de dereitos fundamentais que sofren nesta sociedade galega que tantas veces se pon de perfil diante das propias inxustizas racistas.

O confinamento obrigounos como a tantas, a repensar a nosa forma de traballar, de acompañar, de estar ai. E a toda a sociedade fíxolle visible que as novas tecnoloxías que xa levan décadas facendo parte da nosa vida, son tamén unha cuestión de clase, son un privilexio que non está ao alcance de todas. A conexión a internet, as competencias lingüísticas, as competencias dixitais son tres grandes fendas que dividen a sociedade e que dificultan enormemente acceder a xustiza, a servizos sociais ou sanitarios. E polo tanto, nun país que de súpeto para e no que o exercicio dos dereitos está ligado a unha conexión internet, revela como os dereitos humanos de acceso a xustiza e aos servizos públicos garantidos en multitude de textos legais fican vulnerados.

A pesar das dificultades, a nosas resistencias, a nosa creatividade e o noso compromiso co noso traballo fixeron posible nun ano tan complexo aumentar o número de casos recollidos de discriminación ou vulneracións de dereitos humanos que ascenderon a 154 como recolle o presente informe.

O *Informe Anual sobre racismo e xenofobia en Galicia 2020*, permiten mediante os datos recollidos facer unha extrapolación das violencias institucional e privada racistas que padecen as persoas: galegas, migrantes ou estranxeiras que están aquí.

Para entender todos estes datos e esta información a primeira parte do noso informe dótanos das ferramentas conceptuais e xurídicas para avanzar no antirracismo e poder comprender polo menos minimamente como se constrúe o racismo e como se configuran os delitos de odio.

Na construción de este marco teórico antirracista temos voces invitadas: Artemisa que nos fala do racismo no mundo da arte. Mari Fidalgo que nos aproxima ao mundo da saúde mental a carencia de este servizo e os factores de risco para a saúde mental que entraña ser migrante e muller. Resistencia en Terra Allea que nos falan das súas experiencias e resistencias como mulleres migrantes na Galiza ou voces propias de SOS Racismo Galicia como a de Sonia Mendes que reflexiona sobre a violencia policial nos Estados Unidos e como se reproducen imaxes violentas sobre corpos negros sen ningunha reflexión nin pudor nos medios de comunicación españois con especial referencia ao caso de George Floyd.

Estes artigos fan de este informe 2020 unha achega desde una perspectiva galega antirracista imprescindible para repensarnos e desmitificar que Galiza non é un país racista.

TODAS CON DERECHOS

NINGUNA CON MIEDO

1. PRESENTACIÓN P. 2

2. O DISCURSO DE ODIO P. 4

3. DATOS E RELACIÓN DE CASOS P. 10

4. DISCRIMINACIÓN E CONDUTAS XENÓFOBAS ENTRE PARTICLARES P. 20

5. RACISMO INSTITUCIONAL P. 24

6. DENEGACIÓN DE ACCESO A SERVIZOS PÚBLICOS P. 28

7. ACCESO Á SAÚDE P. 32

8. DISCRIMINACIÓN NO ACCESO A SERVIZOS PRIVADOS P. 36

9. DISCRIMINACIÓN POR DIVERSIDADE SEXUAL E MOTIVOS ÉTNICOS RACIAIS P. 44

10. PRENSA ESCRITA E O PULSO RACISTA P. 48

11. ARTIGOS P. 54

No presente informe recollemos todos os casos de vulneracións, constituídos por situacións e conductas discriminatorias por motivos xenófobos ou racistas. Estes casos son rexistrados polas dúas Oficinas de Información e Denuncia (OID), con presenza física nas cidades de Vigo e A Coruña, pero que atenden ás catro provincias da Galiza, tanto de maneira presencial, como de maneira telemática (teléfono, correo, web, etc.). Examinaremos o tipo de conductas discriminatorias máis frecuentes, así como os axentes discriminadores que máis presenza teñen. Analizaremos a influencia que a situación administrativa das persoas que se achegan ás OID ten nos episodios racistas e xenófobos. Compararemos a evolución tanto do número de denuncias, como dos ámbitos de vulneracións, con respecto ós anos anteriores. En definitiva, trataremos de expoñer os resultados do traballo das OID durante o ano 2020, un período especialmente complicado pola organización vital atravesadas polo perigo dunha pandemia global.

Compre salientar que os datos recollidos no presente Informe non se publican con ánimo exhaustivo, nin tampouco con intención de reflectir unha imaxe fixa da realidade dos casos. Isto é: os casos recollidos, os número que aquí ofrecemos, son tan só unha pequena parte dos episodios de discriminación, das actitudes que vulneran dereitos que sofren as persoas migrantes e/ou racializadas.

Isto débese a dúas circunstancias fundamentalmente:

1. A percepción que moitas persoas teñen de que "as cousas que lle pasan" son "normais" ou aceptables, é dicir, non identifican como conducta discriminatoria ou vulneración de dereitos eses comportamentos dos que son obxecto: chégannos ás OID, porque esa persoa ven reclamando outro servizo dos que se prestan na entidade, e no transcurso desa atención poñen de manifesto eses episodios. Unha das cuestións máis importantes neste senso é facer o traballo de asesorar ás persoas que se achegan e intentar reforzar un pensamento crítico contra esas actitudes e comportamentos normalizados: non debemos permitir que ocorran comportamentos e actitudes racistas e, se ocorren, recoñecelas e chamalas polo seu nome **discriminacións racistas.**

2. Moitas das persoas que sofren comportamentos racistas ou xenófobos mostran unha alta reticencia a denunciar. Isto soe acontecer, tanto, por temor ás consecuencias no caso de atoparse en situación irregular, como na gran maioría dos supostos, pola escasa confianza que as persoas teñen nas garantías e resultado dos procesos de denuncia.

Durante este ano 2020 ollamos como as redes sociais e os medios de comunicación incidían nun discurso racista e xenófobo, con expresión, discursos ou titulares, que, máis ou menos explícitos, perpetúan estereotipos e prexuízos, afondando no perigoso discursos de "nós" "eles" que ven calando pouco a pouco e de forma progresiva en certos sectores da nosa sociedade. Sempre que se achegan grandes crises ou recensións económicas na sociedade proliferan este tipo de discursos, os cales, desvían a atención de cuestións socio políticas sumamente importantes, como os recortes, as prestacións existentes, a inserción no mercado laboral ou as graves carencias dun sistema de benestar cada vez máis privatizado para enfocalas nunha figura externa e diversa á que moi doado culpabilizar dos dores ou malestares que un pacede.

Fotografía: **Fernando Leyra**

Con respecto a isto, compre ter claros diferentes conceptos e a regulación legal que podemos utilizar como mecanismo de loita contra estes discursos.

Estereotipos

Crenzas asociadas a un grupo de poboación que serven para xustificar conductas con ditas persoas. Son moi importantes porque son adquiridos de informacións externas e permítennos xerarquizar en base ao que esperamos dun grupo.

Discriminación

Diferenciar ou dar un trato menos favorable cando non existen diferenzas relevantes entre as persoas ou as situacións, así como dar un trato idéntico a situacións que en realidade son diferentes. Atenta contra os dereitos fundamentais da persoa, especialmente no exercicio da igualdade nos termos establecidos pola lexislación europea e española.

Prexuízo

Actitude negativa que implica o acto de valorar ou xulgar a unha persoa como pertencente ao grupo social coa que identificamos a esa persoa (perda da individualidade da persoa).

Mentiras

Descrédito, a estigmatización, os estereotipos negativos ou os falsos rumores non se consideran sancionables.

A liberdade de expresión é un pilar das democracias, e protexe á maior parte do discurso de odio que atopamos nas redes sociais e na prensa.

O DISCURSO DE ODIO

A pesar de non existir acordo sobre a definición exacta de discurso de odio, si hai consenso sobre o feito de que toda expresión de odio debe ser discriminatoria cara outras persoas, ás que se percibe como diferentes, **"os outros"**, e que sexa así por razón da súa orixe, relixión, xénero, orientación sexual, u outras características ou condicións persoais.

Dentro desta definición terían cabida distintos grados de discurso intolerante e de odio: dende o discurso de odio ***"punible"***, que ten consecuencias penais, ata o discurso ***intolerante e discriminatorio*** amparado pola liberdade de expresión e que, por tanto, non ten consecuencias xurídicas, pero que igualmente merece ser combatido por outras vías.

COMO RECOÑECER O DISCURSO DE ODIO

Medir o perigo da mensaxe e valorar o posible impacto negativo que pode ter nas persoas e grupos afectados, que variará en función de múltiples factores:

1.
Contido e forma do discurso.

2.
O clima económico, social e político.

3.
Posición ou condición do emisor.

4.
Alcance do discurso.

5.
Obxectivos do discurso.

DISCURSO DE ODIO PUNIBLE

ARTIGO 510 DO CÓDIGO PENAL

1º. Fomentar, promover ou incitar directa ou indirectamente ó odio, hostilidade, discriminación ou violencia contra unha persoa ou un grupo por motivos referentes á súa orixe, fenotipo, relixión, etnia, ideoloxía, orientación ou identidade sexual, xénero, enfermidade ou discapacidade.
2º. A produción, elaboración, posesión para a distribución (por calquera canal, incluso Internet) de todo tipo de material idóneo a fomentar, promover ou incitar ó odio, a discriminación e á violencia polos motivos mencionados.
3º. O enaltecemento ou xustificación pública dun delito de odio.
4º. As accións que supoñan humillación, desprezo o descrédito dunha ou máis persoas polos motivos mencionados, así como a produción, posesión para a distribución e difusión de todo tipo de contido que lesione a dignidade destas persoas.
5º. A negación, banalización, enaltecemento público dos delitos de xenocidio e de lesa humanidade, cando deste modo se promova ou favoreza un clima de violencia, hostilidade, odio ou discriminación contra grupos que soen ser vítimas.

Fotografía: **Fernando Leyra**

OUTROS DELITOS DE ODIO

O termo delito de odio describe un tipo de delito, máis que unha ofensa específica dentro do código penal. O termo describe unha fenomenoloxía, máis que unha definición legal.

Os delitos de odio sempre comprenden dous elementos:

1º. Ofensa constituínte de delito penal.

2º. Motivo por prexuízo cara unha persoa pertencente a un colectivo vulnerable ou de características protexidas.

O primeiro elemento dun delito de odio é que a acción cometida **constitúe un delito baixo o código penal**. Os delitos de odio requiren da existencia dunha base penal. Se non hai base penal non hai delito de odio. Os delitos de odio poden incluír o asasinato, a intimidación, ameazas, danos á propiedade, asalto ou calquera outra ofensa criminal ordinaria.

O segundo elemento nun delito de odio é que o acto delituoso está vinculado cun motivo particular, referido como prexuízo. É este elemento de motivación por odio o que diferencia un delito de odio dos delitos ordinarios. Unha característica protexida é un elemento común compartido por un grupo, tal como a lingua, a relixión, a etnia, a raza, a nacionalidade, orixe nacional, o sexo, o xénero, a orientación ou identidade sexual, a enfermidade ou discapacidade ou calquera outro factor similar común que é fundamental para a súa identidade.

Os delitos de odio tipificados no Código Penal (ademais do discurso de odio punible ao que xa fixemos referencia), e explicados máis profundamente neste informe nos apartados correspondentes, son os seguintes:

- As ameazas de cometer un delito contra unha poboación ou un grupo étnico, cultural ou relixioso, colectivo social ou profesional ou calquera outro grupo de persoas (170 CP);
- O delito contra a integridade moral as torturas ou o abuso por parte da autoridade ou funcionario público por motivos discriminatorios (174 CP);
- A discriminación no ámbito laboral (314 CP);
- A denegación de prestacións ou servizos públicos (511 CP)
- A denegación de prestacións ou servizos privados (512 CP);
- O fomento do odio por parte de asociacións ilícitas creadas con ese fin (515 CP);
- O delito contra os sentimentos relixiosos e liberdade de conciencia (522 CP e ss.)
- O delito de xenocidio e lesa humanidade (607 e 607 bis CP).

Alén, calquera tipo de delito pode ser considerado como un delito de odio sempre que se trate dunha conduta tipificada no Código Penal e que veña motivada por razóns discriminatorias. De xeito concreto, a lexislación en materia penal regula unha agravante que pode ser aplicada a todo tipo de delito e que aumenta a pena do mesmo: trátase do artigo 22.4 CP, que considera agravante o:

"Cometer o delito por motivos racistas, antisemitas ou outra clase de discriminación referente á ideoloxía, relixión ou crenzas da vítima, a etnia, raza ou nación á que pertenza, o seu sexo, orientación ou identidade sexual, razóns de xénero, a enfermidade que padeza ou a súa discapacidade."

Cando escoitamos falar de racismo nos medio de comunicación, nos faladoiros, nos bares,… tendemos, maioritariamente, dunha maneira case inconsciente, a pensar en graves episodios televisivos, como a brutalidade policial nos EEUU, ou en accións ou comportamentos expresa e deliberadamente racistas ou discriminatorios, como os insultos nas redes, as agresión por motivos raciais, ou o linchamento público ás minorías étnicas. En definitiva, actos racistas de alta intensidade, visibles e cun impacto profundo.

As persoas auto denominadas antirracistas horrorízanse con estes episodios, que lles crean repulsa e contundencia na súa denuncia. Con todo, existen multitude de comportamentos repetidos e dinámicas cotiás que pasan absolutamente inadvertidas para todas esas persoas. Son accións de baixa intensidade, modos de dominación e discriminación "suaves" que non agriden directamente á persoa, non a matan, pero manteñen e perpetúan a segregación racial e a discriminación das persoas migrantes e/ou racializadas.

O racismo sempre atopa novas vías polas que desenrolarse e instalarse silenciosamente en sociedades supostamente tan avanzadas como a nosa.

Nos referimos, non só ó conxunto de actitudes e pensamentos froito dos prexuízos e costumes dunha sociedade contra as persoas racializadas e/ou estranxeiras, senón tamén ó tratamento institucional que estas persoas reciben. A aceptación social, a aprobación e nalgúns casos, a ignorancia, son elementos clave nestas actitudes.

Por iso, neste documento, queremos poñer o foco en todas esas situacións que sofren as persoas racializadas e as persoas migrantes, dia tras dia, sen remedio, sen denuncia pública, sen repulsa popular,…. Episodios cotiás froito dunhas institucións racistas e autoritarias, dunha sociedade altamente inmersa no discurso do "eles-nós" e disposta a compralo e reproducilo continuamente sen problemas.

Todos os relatos que se recollen neste informe, son casos reais rexistrados por SOS RACISMO GALICIA, no traballo desenrolado nas súas Oficinas de Información e Denuncias.

DATOS E RELACIÓN DE CASOS

O total de casos de discriminación ou vulneración de dereitos acontecidos en Galicia no ano 2020 e recollidos polas OID ascende a un total de 154 o que supón un incremento respecto aos casos reunidos en **2018 (96)** e en **2019 (135)**.

Este incremento é debido á consolidación das Oficinas de Información e Denuncia en todo o territorio galego, trala apertura de forma estábel e continuada da oficina de Vigo, ao ser financiadas por primeira vez a nivel autonómico, o que ten como consecuencia directa o incremento do número de vulneracións recollidas a nivel galego.

Neste senso, o aumento na recollida de vulneracións non significa necesariamente que o racismo e a xenofobia teñan variado na mesma proporción, xa que os casos que chegan a SOS Racismo Galicia son apenas unha parte da realidade, unha fotografía, e non pretende reflectir as condutas discriminatorias na súa totalidade, tal e como sinalamos anteriormente.

SEXO, SITUACIÓN ADMINISTRATIVA, IDADE E ORIXE

Perfil segundo sexo

Pola implicación que isto supón para a análise e propostas de intervención, neste informe tentamos estudar a variable de xénero en relación aos tipos de discriminación.

No referente ás persoas que sufriron as discriminacións recollidas, no ámbito total, vense afectados en semellante proporción os homes (47%) e as mulleres (50%), tendo en conta que hai unha porcentaxe no total de casos rexistrados que se refire a aquelas discriminacións dirixidas cara a un colectivo xeral (3%), polo que non se estuda a variable de xénero neste último suposto.

A modo aclaratorio, considéranse como discriminacións colectivas aquelas condutas discriminatorias que atinxen a un grupo, como cando, por exemplo, non se permite acceder ás persoas sen tarxeta de residencia á matrícula oficial nos cursos das Escolas de Idiomas; ou cando se recolle unha conduta tipificada como discurso de odio fronte a un colectivo específico.

Cómpre salientar así que ser muller implica unha dobre vulneración, pese a que non se vexa reflectido directamente nos datos recollidos no 2020 polas OID. O feito de que as discriminacións contra as mulleres non se denuncien ou se fagan públicas acontece, en ocasións, polo ámbito no que se dan: Por exemplo, un amplo sector do mercado laboral é o do emprego do fogar, onde a maior parte das traballadoras son mulleres e moitas delas migrantes. Este sector é un ámbito realmente precario no que acontecen continuamente discriminacións e vulneracións de dereitos que non sempre se denuncian, debido ás características propias deste tipo de emprego (regulación excluída do Estatuto dos Traballadores) e lugar onde ocorren (inviolabilidade do domicilio, o que impide que accedan a el as inspeccións de traballo, por exemplo). Salientamos así a necesidade dunha regulación de dereitos para as empregadas do fogar, que amplíe as súas coberturas e garanta o cumprimento dos seus dereitos, así como a ratificación do Estado español ao Convenio 189 que impediría que este sector tivese condicións peores de Seguridade Social que outros empregos e dereitos en materia de saúde e seguridade no traballo, reivindicación histórica das traballadoras do fogar.



Perfil segundo a situación administrativa

A situación administrativa é un elemento moi importante á hora de analizar os casos de discriminación, pois xera unha grande diferenza de trato e inflúe notablemente, sobre todo nos casos de racismo institucional. Do total dos casos recollidos o 55% das persoas estaban en situación regular, o 38% en situación irregular e o 7% eran nacionais. O anterior vén ratificar o feito xa constatado en anteriores informes de que a irregularidade é un elemento que contribúe a sufrir unha maior vulneración de dereitos ou discriminación pola situación de maior vulnerabilidade fronte ó resto da cidadanía.

Sen dúbida, e como se pode observar, a situación de irregularidade administrativa contribúe a un maior risco de vulneración de dereitos ou discriminación, xa que existe unha crenza popular que adxudica unha actitude de inferioridade e submisión por parte da colectividade irregular, o que incita a algunhas persoas a levar a cabo actuacións de abusos de poder na súa contra.



Perfil segundo a orixe

En relación á orixe das persoas denunciantes, as persoas procedentes de América Latina foron as que máis viron vulnerados os seus dereitos (69), seguida das procedentes da África Subsahariana (19) e do Magreb (15). A seguir en número de denuncias atopamos aquelas denuncias que afectan ás persoas de nacionalidade española e, en último lugar, persoas procedentes do resto da UE. Os restantes casos afectarían a un colectivo en que non se determina a procedencia por non ser relevante.



Perfil segundo a idade

Pese a que a meirande parte das vulneracións foron realizadas contra persoas maiores de idade, cómpre salientar que aínda que a proporción das vulneracións é moito menor en mozas e mozos menores de idade estas afectan a un colectivo moito máis vulnerábel, revestindo polo tanto unha maior gravidade.



END
SYSTEMIC
RACISM
ENOUGH
IS
ENOUGH

DISTRIBUCIÓN DAS DENUNCIAS POR TERRITORIO



Malia dispor da posibilidade de rexistrar casos de discriminación desde calquera lugar de Galicia a través da nosa páxina web www.sosracismogalicia.org, o certo é que a implantación territorial e os propios medios cos que conta cada unha das oficinas de Galicia condiciona o número de casos recollidos. É por iso que a alteración estatística de asuntos acontecidos na provincia da Coruña onde leva implantada a OID varios anos, e na provincia de Pontevedra ao contar coa oficina aberta en Vigo, son notablemente superiores fronte ao resto de provincias, ao ser as localidades que durante o ano 2020 contaron con aportación económica para este servizo.

A pesar da especial e dificultosa situación epidemiolóxica que sufrimos dende o mes de Marzo de 2020, a recollida e atención dos casos de vulneracións non se viron afectadas, reforzando dende as OID a atención online, mentres ás consultas presenciais non puideron retomarse ata moito máis adiante respectando sempre as condicións de seguridade e hixiene esixidas polas autoridades.

CLASIFICACIÓN DAS DISCRIMINACIÓNS POR ÁMBITO



A maior parte das denuncias das que tiveron coñecemento ás OID de SOS Racismo Galicia en 2020 gardan relación con conductas discriminatorias no acceso dos servizos privados, seguidos das vulneracións no ámbito da saúde e en materia de estranxeiría. Nos anos 2018 e 2019 tamén foron as conductas de particulares que discriminan no acceso a diferentes servizos privados a persoas migrantes e/ou racializadas as que predominaron nas denuncias rexistradas.

Dentro destas denuncias atopamos constantes vulneracións por parte das oficinas bancarias no acceso ás contas de pago básica para as persoas en situación irregular ou as trabas no acceso a unha vivenda en réxime de alugueiro. Máis adiante examinaremos polo miúdo este tipo de discriminacións.

No ámbito da saúde seguimos atopándonos con facturacións ás persoas en situación irregular, polas asistencias médicas recibidas, cando non procede, incumprindo as disposicións do Programa Galego de Protección da Saúde Pública.

Fotografía: **Fernando Leyra**

CLASIFICACIÓN DAS DISCRIMINACIÓNS SEGUNDO O AXENTE DISCRIMINADOR

É transcendental tamén clasificar os casos segundo o axente discriminador de cara á análise da fonte destas condutas racistas ou xenófobas. Aclarar que os casos recompilados neste informe transcenden o eido penal e os chamados "delitos de odio" en senso estrito, recollendo todas aquelas condutas discriminatorias baseadas nun motivo racista ou xenófobo, pois é substancial reflexar aquelas actuacións que pasan máis desapercibidas e que moitas veces están tan normalizadas que non chegan a entenderse como racismo ou xenofobia, mais que constitúen igualmente unha vulneración de dereitos.



CLASIFICACIÓN SEGUNDO O TIPO DE DISCRIMINACIÓN

Das denuncias que chegan ás OID de SOS Racismo Galicia 39 o son por denegación de acceso a servizos privados. A gran maioría desde supostos o constitúen as denegacións de aperturas bancarias, pero tamén atopamos vulneracións en materia de vivenda e emprego.

Seguen moi de preto os supostos de racismo institucional (31), categoría na que enmarcamos as vulneracións de dereitos acontecidas nas oficinas de estranxeiría ou no acceso á nacionalidade, entre outras.

Dos diferentes aspectos que engloba o racismo institucional, recollemos todos aqueles casos relativos a condutas discriminatorias, tanto directas como indirectas; a vulneración de dereitos nos trámites de estranxeiría e nacionalidade, no ámbito da saúde, etc.

Os casos de denegación de acceso a servizos públicos foron 20, e atopamos dentro desa categoría supostos como os de facturacións sanitarias.

Con respecto ó ano 2019, resulta preocupante que a denegación de acceso a servizos privados tiña aumentado, ate constituír a primeira causa de discriminación, o que evidencia canto traballo queda por realizar na concienciación e pedagoxía da cidadanía. Observamos como se van colando e enraizándose os prexuízos racistas e xenófobos na poboación, que se traduce nas denuncias recollidas, xa que nas moitas xustificacións que empregan as profesionais empregadas no sector bancario nada teñen que ver con indicacións da propia entidade senón os propios nesgos racistas da persoa.



DISCRIMINACIÓN E CONDUTAS XENÓFOBAS ENTRE PARTICULARES

Resulta preocupante escoitar ás persoas que acoden ás OID relatando comportamentos racistas e/ou xenófobos por parte de particulares. Ese crecente imaxinario colectivo que se está a crear, por medio dos discursos nas redes e nos medios de comunicación, provoca que moitas persoas vexan infrinxidos os seus dereitos, en diferentes ámbitos, como o acceso á vivenda, ó emprego ou nas propias relacións persoais que se producen no seo da sociedade. Esta nova realidade, marcada por non penalizar as actitudes e comportamentos racistas establece novas pautas que poñen en perigo as vidas migrantes e/ou racializadas.

Ese comportamento discriminatorio por parte das particulares, alcanza a súa maior "visibilidade" en episodios de insultos, ameazas e coaccións. Un destes episodios chegounos da man de Lucía, e esta é a súa historia.

Lucía

Lucía chama nun estado de ansiedade e nerviosismo preocupante. Xa en persoa denuncia que ven de ter "problemas" coa veciña da casa contigua á súa.

Iso que Lucía chamaba problemas se materializaban en insultos constantes e diarios tales como: "eres del congo", "parecéis monos", "sois peores que los gitanos" "qué vas a tener tú los mismos derechos que yo que soy blanca,..."

Lucía tiña gravados eses insultos e decidiu interpoñer unha denuncia na Policía Nacional, porque este comportamento se repetía dia tras día, e diante dos seus tres fillos menores.

Con moita impotencia e asombro, Lucía ten que escoitar como lle explico que case con total seguridade esa denuncia remate en arquivo porque os insultos racistas en España están destipificados, non constitúen infracción penal.

Inda así, pide acompañamento para o acto do xuízo, e así o fixemos. Na sala esa veciña insiste nas súas acusacións e xustifica o seu comportamento violento e racista, na orixe da Lucía, rematando as súas explicacións cun "ya sabe que como son esta gente", dirixida ó xuíz.

Ese xuíz, ditou sentencia absolutoria cinco días despois.

O caso de Lucía é moi significativo do que está a suceder nos Tribunais, onde resulta extremadamente custoso que os xuíces estimen a existencia da agravante da motivación xenófoba ou racista, á que nos referimos no inicio do Informe.

Neste caso Lucía, animouse a denunciar e a explicar a súa vivencia nunha sala, pero o resultado desta denuncia (absolución) é precisamente o que fai que moitísimas persoas que sofren este tipo de conductas acaben por non continuar co proceso, convencidas de que "non vai chegar a nada" e só vai servir para revivir ese horrible episodio.

Caso semellante é o acontecido co caso que nos relata John na praza das Conchiñas.

Igual de significativo cos conflitos que acontecen no ámbito veciñal é a crispación que se traslada á rúa froito de toda esta incerteza, profundamente influenciada, pola crise pandémica e os efectos económicos sobre as poboacións. Debemos condenar gravemente calquera tipo de comportamento ou actitude destinado a amedrentar a todas aquelas persoas consideradas "diversas" pola branquitude, estamos sendo testemuñas de como cada vez é máis corrente increpar crianzas racializadas e tratalas como adultas incorrendo nun episodio violento e traumático que fixa as bases de normalizacións de conductas racistas por moitas persoas migrantes e racializadas. O caso concreto que narramos a continuación é un exemplo concreto no que se produce unha dupla discriminación cara as crianzas: por seres negras e por seren tratadas como adultas.

Debemos falar dun termo moi traballado en casos como o contexto francés, americano ou inglés sendo **Antiblack**[1] traducido como Negrofobia que fai referen-

cia a aquelas actitudes ou comportamentos opostos ou hostís cara as persoas negras ou de ascendencia africana. Esta discriminación é moi común e leva aparellada toda unha ideoloxía que deshumaniza a aqueles corpos lidos ou vinculados ás características propias das comunidades de orixe africana.

A segunda cuestión á que nos referimos en torno ás crianzas racializadas é a discriminación por nesgo de adultificación[2]. Pode soar estraña esta expresión pero, en contextos como o norteamericano existen moitas investigacións e traballos que dan conta de como este estereotipo social e cultural afecta profundamente á infancia e tratamento das crianzas racializadas, centrándose nas traxectorias e experiencias de vidas da nenez negra. Cando falamos de adultificación referímonos aos estereotipos xeralizados que consideran e xulgan ás crianzas racializadas como seres adultos, despoxándoas da protección da súa infancia e inocencia por consideralas o suficiente maiores como para recibir castigos acordes. Un exemplo propio sería sexualizar ás nenas, considerar ás crianzas culpábeis ou sospeitosas pola súa cor de pele, consideralas máis fortes e responsábeis que as súas compañeiras brancas…etc.

John

O venres 3/07/2020 atópase John con seu tío na praza das Conchiñas mentres un grupo de rapaces mixto (de diferentes diversidades étnico-raciais) se atopa xogando con un balón, como é costume. Nunha de estas o balón cae nun banco no que están sentadas un par de persoas maiores brancas que se atopan sentadas na praza, as cales comezan a increpar aos nenos. Entre as palabras que dirixen ás crianzas escóitanse: Negros de merda, animais, educade aos vosos fillos porque son animais, volvede ao voso país…etc.

O tío de John e el acércanse á parella para pedir perdón polo ocorrido co balón e tamén para esixir un pouco de decoro con respecto ao seu maltrato cara as crianzas, xa que as están insultando e traumatizando por un simple acontecemento que se podería resolver indo a falar coas persoas adultas responsábeis das mesmas e pedirlles que tiveran coidado mentres xogan co balón. Nese momento a parella reforza o seu maltrato subindo máis a voz e aumentando a gravidade dos insultos. Nese instante John é consciente da gravidade do feitos e da falta de sentido e respecto e responsabilidade da parella de anciáns e, por se acaso, decide gravar o que está ocorrendo.

O caso de John podería ser tamén o caso de calquera outra persoa. O feito de maltratar e esixir unhas responsabilidades inadecuadas á idade que posúen moitas crianzas racializadas por persoas brancas deriva en episodios traumáticos que non reciben outro tipo de crianzas na sociedade. Comprobamos como este episodio producido nunha praza-parque infantil repítese en outros ámbitos como as instancias educativas e inclusive sanitarias e merece toda a atención, denuncia e condena para non condicionar dende idades tan temperás os soños e traxectorias da infancia racializada.

1. Merriam-Webster. (n.d.). Antiblack. In Merriam-Webster.com dictionary. Retrieved June 6, 2021, from https://www.merriam-webster.com/dictionary/antiblack

2. https://genderjusticeandopportunity.georgetown.edu/adultification-bias/

RACISMO INSTITUCIONAL

O chamado racismo institucional é un termo acuñado nos anos 60 nos EE.UU., no contexto das loitas polos dereitos da poboación afroamericana e o reforzamento do *Black Power,* que fai alusión a aqueles ordenamentos legais e pautas de condutas establecidos cos que as persoas pertencentes ao grupo dominante (entendido como colectivo ou agrupación que ostenta os niveis de poder económico e social naquela sociedade) oprimen ao grupo subordinado.

O racismo institucional abrangue varios ámbitos, como son os discursos de representantes institucionais e a utilización pública con fins electoralistas dos discursos xenófobos, os "discursos de preferencia nacional"; as conductas discriminatorias de persoas que traballan na función pública e que representan á Lei e ao Estado (policía, garda civil, funcionariado de estranxeiría, militares, servizos sociais etc.); as medidas, regulamentos, leis e decretos que limitan os dereitos sociais, políticos e económicos das persoas por mor do seu lugar de orixe, de nacemento, a súa raza ou etnia; e, finalmente, o culturalismo e etnocentrismo que estruturan as políticas sociais e orientan a intervención social de profesionais que traballan en contextos pluriculturais no eido social, educativo e sanitario (AGUILAR-BURASCHI, 2012).

Un exemplo moi claro da naturalización deste tipo de comportamentos en certos sectores do poder estatal, como o constitúen as forzas da orde, foi o estalido social que vivimos case a mediados de ano.

O acontecido co asesinato de George Floyd a mediados do ano 2020 marca un antes e un despois nas nosas vidas e a magnitude das manifestacións que acontecen ao redor do contexto global sobre as loitas antirracistas e os numerosos casos de violencia policial que acontecen acotío. George Floyd, non foi o primeiro caso de violencia televisado nin será o último (ogallá non tivésemos que reflectir e denunciar todos os anos os continuos episodios fatídicos acometidos polas forzas do orde contra os corpos racializados).

Hassan

A mediados do mes de xullo recibimos unha mensaxe na que nos envían un vídeo cun forte contido violento nunha identificación policial a uns rapaces, menores de idade, na cidade de Santiago de Compostela. Revisamos as redes e axiña somos conscientes que ese contido é empregado polos media para verter informacións falsas sobre o arresto dun dos rapaces sen respectar a dignidade das persoas que interveñen no momento da detención. Apenas dous meses separan esta violenta detención da violenta morte de George Floyd a maos da policía norteamericana. Neste caso vemos como os policías presentes deciden usar extrema violencia para levar detido a un rapaz, menor de idade, que se atopa co seu grupo de amigos, os cales, están na rúa agardando nunha parada de autobús para marchar á casa.

A situación é tan extrema que Hassan resístese á detención e a situación vólvese moi violenta xa que os policías non atenden ás súas razóns para verificar a súa identidade coa documentación que leva no teléfono e deciden aumentar os seus esforzos para metelo no carro. Vívense momentos de alta tensión e os amigos de Hassan increpan e reclaman ao corpo de policía por ter usado chaves e manobras tan duras que, mantidas durante x tempo, poden facer perigar a vida de calquera persoa. Non se produce ningún evento excepcional para o uso desmedido desa forza e toda a situación fai desconfiar que se trata dun caso máis de violencia policial cara corpos racializados, xa que, outros rapaces do grupo (brancos) non reciben ese trato dispensados polos oficiais de policía.

Acaban por identificalo a el máis a outro dos rapaces "racializados" que se atopan no lugar dos feitos por un deito de atentado contra a autoridade. SOS RACISMO GALICIA implícase como parte defensora de Hassan.

Fotografía: **Fernando Leyra**

DENEGACIÓN DE ACCESO A SERVIZOS PÚBLICOS

A denegación dunha prestación pública por un motivo discriminatorio a unha persoa que teña dereito á mesma é unha conducta delituosa castigada no artigo 511 do Código Penal:

"O particular encargado dun servizo público que denegue a unha persoa unha prestación á que teña dereito por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa pertenza a unha etnia ou raza, a súa orixe nacional, o seu sexo, orientación sexual, situación familiar, por razóns de xénero, enfermidade ou discapacidade".

En SOS Racismo Galicia clasificamos esta conducta de xeito separado á tipificación de racismo institucional por considerala unha conducta específica e tipificada como tal na normativa penal, alén da importancia e gravidade que reviste, causas polas que tratamos este tipo de discriminación de forma separada.



Fotografía: **Fernando Leyra**

ACCESO Á SAÚDE

No ámbito sanitario, o racismo institucional é continuado, reflexado a través de condutas que van desde a denegación de atención médica a persoas en situación de irregularidade administrativa, até a solicitude de documentación inexistente nos países de orixe das persoas migrantes para o acceso a recursos aos que teñen dereito, pasando por atencións médicas sen respecto algún pola cultura da persoa atendida e unha morea de comportamentos e actuacións de vulneración de dereitos por parte do corpo de profesionais sanitarios e o persoal funcionario de atención.

Un dos casos rexistrados este 2020 como racismo institucional no ámbito sanitario foi o de Aline. Esta é a súa historia.

Aline

O caso de Aline chega por medio dunha compañeira, porque ela tan sequera síntese en condicións de reclamar apoio ou asesoramento. Aline acababa de dar a luz facía dous días, e volveu á casa tralo parto cunha nena preciosa e con dúas facturas do hospital: unha pola atención previa ó parto e outra polo proceso de parto. Aline está en situación irregular e no hospital lle entregaron as facturas aducindo que como non tiña residencia non tiña cobertura sanitaria e que debía facer fronte ás case 3.000 euros que "costou" o dar á luz á súa pequena.

Lle explicamos que iso non é así, e facemos a correspondente reclamación. A pesar de que a lexislación é clara, o caso de Aline, ven de repetirse día tras día.

Non se pode aturar que, nun ámbito tan fundamental como a propia integridade física e psíquica e o dereito á saúde, sigamos a atoparnos, ano tras ano, con este tipo de feitos. É necesario que as profesionais do sector sanitario sexan coñecedoras da lexislación aplicable en materia sanitaria con respecto ás persoas estranxeiras, e sobre todo, conten con empatía e sensibilidade, evitando así, tratos degradantes ou discriminatorios. Seguimos a ter que observar como se lles esixen requisitos que non son esixibles ou se lles ofrece información errónea, Este foi o caso de Mamadou.

Mamadou

Chegou á Oficina porque no seu Centro de Saúde lle dixeron que non cumpría os requisitos para o acceso ó Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública por non cumprir o período mínimo de empadroamento. Cando lle pedimos o seu volante, podemos comprobar como si cumpre ese período mínimo. Por elo, decidimos acompañalo ó Centro de Saúde para volver a presentar a solicitude de inclusión no Programa.

Cal foi a nosa sorpresa cando a persoa responsable de dito trámite nos amosa unha folla informativa sobre os requisitos de empadroamento anterior a 2018 cando se produce unha reforma na regulación (para adaptala ó real Decreto Lei 7/2018 de 27 de Xullo sobre o acceso universal o Sistema Nacional de Saúde) e se pasan dos 183 días de empadroamento, esixidos ate entón, aos 3 meses.

Mamadou si cumpría ese período de 3 meses, pero non o antigo de 183 días. Lle explicamos á persoa encargada (que debería ser a primeira en coñecer esa reforma e os requisitos esixibles en cada momento) e ante a súa insistente negativa temos que chegar a ensinarlle a publicación oficial do SERGAS onde aparecen eses 3 meses de empadroamento.

Finalmente Mamadou conqueriu a súa tarxeta sanitaria, ….. como non podía ser doutra forma.

DISCRIMINACIÓN NO ACCESO A SERVIZOS PRIVADOS

A denegación de acceso a un servizo no exercicio dunha actividade empresarial ou profesional constitúe un delito penal, castigado con penas de inhabilitación especial, conduta tipificada especificamente no artigo 512 do Código Penal:

"Os que no exercicio das súas actividades profesionais ou empresariais denegaren a unha persoa unha prestación á que teña dereito por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa pertenza a unha etnia, raza ou nación, o seu sexo, orientación sexual, situación familiar, por razóns de xénero, enfermidade ou discapacidade, incorrerán na pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio e inhabilitación especial para profesión ou oficio educativos, no ámbito docente, deportivo e de tempo libre por un período dun a catro anos."

Quizais sexa este o ámbito onde mais dificultoso se volta facer entender, tanto ás persoas que sofren a discriminación, como ás que levan a cabo a mesma, non xa que esa actuación constitúe un ilícito penal, senón a gravidade dese comportamento, e o dereito á reclamación e loita co que contan os prexudicados.

Este ano 2020 volta a ser maioritarios dous ámbitos de discriminación no acceso ós servizos privados: a vivenda e o emprego.

VIVENDA

Un ano máis, volvemos a comprobar como o dereito de acceso a unha vivenda digna, queda en papel mollado no territorio da Galiza. O sistema capitalista que estamos condenadas a sufrir, mercantiliña un ben tan sumamente esencial como un teito onde residir, facendo que os requisitos e esixencias económicas se convertan en obstáculos insuperábeis para moitas persoas. O requirimento de antigüidade laboral, ingresos fixos, avais bancarios, seguros de inquilinas,.... fan que as máis desfavorecidas teñan que optar (no mellor dos casos) por infravivendas, ou inmobles compartidos.

Cando falamos desas persoas más empobrecidas, non podemos entrar a valorar que as persoas migrantes (sobre todo en situación irregular) atópanse nesa categoría en gran parte dos casos. Non é moi difícil imaxinar a enorme dificultade, senón a imposibilidade coa que se atopa unha persoa en situación irregular para poder acreditar esa solvencia económica esixida. Pero é máis, xa non só o factor laboral, económico ou administrativo supón un atranco á hora de optar a un alugueiro. Desgraciadamente, seguimos atopándonos coa negativa de entrada e de plano, a alugar vivendas ás persoas estranxeiras, polos seus nesgos fenotípicos, a súa cor de pel, ou incluso o seu acento.

Cando no principio do informe falábamos dese "imaxinario colectivo" que crean os estereotipos e prexuízos, atopamos a causa de por que nas mentes de moitas persoas (potencialmente arrendadores) a posibilidade de que unha persoa de relixión musulmán, de orixe asiático ou de cor negra poda ser "merecedora" do poder alugar a súa vivenda, no convencemento de que "traerán problemas seguramente".

Un dos casos que nos atopamos no 2020 referidos a este tema foi o de Paulo. Esta é a súa historia.

Paulo

Paulo acode á Oficina porque tivo problemas cunha inmobiliaria. Relata que foi vítima dunha estafa.

Paulo, coñecedor da extrema dificultade de optar a unha vivenda por parte das persoas migrantes, explica ó empregado da inmobiliaria, na visita ó inmoble que quería alugar, que carece de permiso de residencia, pero que inda así, pode facer fronte ó pago da renda. O representante da inmobiliaria acepta esas condicións e pide que Paulo abone un mes de renda, como sinal do alugueiro. E Paulo así o fai. Ó día seguinte a inmobiliaria envía unha mensaxe a Paulo onde se lle indican os documentos que tiña que presentar para a formalización do contrato. Entre eses documentos se esixía presentación da Tarxeta de Identificación Estranxeira (TIE).

Paulo reitera ó representante da inmobiliaria que carece de TIE porque está en situación administrativa irregular (como xa lle dixera). A inmobiliaria lle contesta que e "política de empresa" non alugar nunca ningún inmoble ás persoas que carecen de residencia legal.

Paulo atópase aínda na

procura de algún propietario que acceda a alugarlle, a el e á súa familia, unha vivenda, e ven de reclamar xudicialmente o mes de renda entregado como sinal, que a inmobiliaria négase a devolver.

No formulario de acceso ós servizos da inmobiliaria se especifica que non se admite o pasaporte como documento de identificación, excluíndo a posibilidade de optar a un alugueiro a persoas en situación irregular. Esta denegación de acceso á vivenda foi reiterada verbalmente polo representante legal da Inmobiliaria.

Hai que lembrar que o Código Penal castiga esta conducta no artigo 512 que literalmente expón que: "Os que no exercicio das súas actividades profesionais ou empresariais denegaren a unha persoa unha prestación á que teñan dereito por razón da súa ideoloxía, relixión o crenzas, a súa pertenza a unha etnia, raza o nación, sexo, orientación sexual, situación familiar, por razóns de xénero, enfermidade ou discapacidade, incorreran na pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio e inhabilitación especial para profesión ou oficio educativos, no ámbito docente, deportivo e de tempo libre por un período de un a catro anos".

Andrea

No mes de xuño Andrea ten planificado cambiar de piso a través da inmobiliaria ALQUICORUÑA. Fan todos os trámites precisos para alugar a vivenda, entrega unha reserva de 500€ e ten todo listo para entrar a residir no domicilio. Cando se atopaban na vivenda para revisar as cousas (tiñan unha furgoneta agardando coas cousas para a mudanza) o propietario pregúntalles pola súa nacionalidade e ao saber que son Colombianos non quere alugar a vivenda.

Finalmente tras ese suceso traumático de non arrendarlles a vivenda pola súa nacionalidade, acoden á inmobiliaria buscar a reserva deixada e esta non quere devolverlles os cartos.

Trátase dunha manobra máis que rastreira que busca estafar cartos ás persoas migrantes, as máis vulnerábeis no mercado inmobiliario, que se atopan buscando unha vivenda usando criterios claramente xenófobos que se normalizan, do xeito que a frase: ***NON ALUGO A PERSOAS ESTRANXEIRAS/ NON QUEREMOS PERSOAS ESTRANXEIRAS*** *está á orde do dia.*

Vivimos nunha sociedade que se cre non racista ou tolerante coa diversidade pero na que ao mesmo tempo é totalmente corrente atoparte con este tipo de discursos, inclusive ditos polas propias profesionais que traballan nas inmobiliarias galegas.

Imaxinemos o caso de que continuamente se están a vulnerar dereitos fundamentais das persoas migrantes e/ou racializadas sendo unha cuestión tan básica como é o dereito á vivenda. Sabemos que a situación que enfronta Andrea, é a de milleiros de persoas que deben pasar por procedementos traumáticos para a autoestima e moi custosos, xa que, teñen que facer fronte a subidas de prezos simplemente por uns trazos fenotípicos ou acentos diferentes.

Neste caso, as persoas implicadas non agochan a súa nacionalidade durante todo o proceso de busca e visita á vivenda que queren alugar. Elas nos son culpábeis dos prexuízos raciais do propietario da vivenda así como das irregularidades administrativas nas que incorre a inmobiliaria ao non querer devolver os cartos e culpabilizalas a elas de non conseguir alugar a vivenda.

Andrea acode á oficina de consumidores e usuarios interpoñer unha queixa ao ver os seus dereitos de acceso á vivenda vulnerados e non recuperar a reserva depositada na Inmobiliaria.

ÁMBITO LABORAL

Neste ano 2020 aumentaron considerablemente os casos que teñen que ver coa discriminación no ámbito laboral. Este tipo de vulneracións, danse principalmente con respecto ás persoas en situación administrativa irregular, que carecen de permiso de traballo e que se ven na obriga de aceptar postos de traballo precarios, en condicións laborais abusivas e deshumanizantes.

A gran maioría dos casos denunciados proveñen de mulleres que traballan como empregadas de fogar, que nunca son dadas de alta na Seguridade Social, inda que cumpran o prazo legalmente previsto para acceder ó arraigo e adquirir o permiso de residencia e traballo. Son moitas as mulleres migrantes en situacións case de escravitude, traballando todo o día, moitas veces en réxime de internas, por salarios miserentos e coa inseguridade de poder ser botadas sen indemnización ou garantía algunha. Moitas delas valoran a posibilidade de denunciar, como vía para acceder ó chamado arraigo laboral.

Porén, no ano 2020 foron nulas as demandas interpostas por este motivo por dúas causas fundamentais:

1º. A reticencia das traballadoras de enfrontarse ás persoas para ás que levan traballando meses e coas que viven sendo en moitos casos esa a única alternativa habitacional.

2º. E sobre todo, a dificultade probatoria coa que se atopan, par poder acreditar efectivamente a existencia e continuidade desa relación laboral.

Alén destes casos, no 2020 atopámonos cun caso gravísimo de explotación laboral ocorrido na localidade de Tordoia.

EVERYBODY
VS
RACISM

No mes de agosto chega ate nós o caso duns rapaces (11 en total) que estaban sendo explotados durante o 2020 por un empresario galego. Este empresario captaba a persoas estranxeiras en situación administrativa irregular ofertándolles un contrato laboral para regularizar a súa situación. A cambio lles solicitaba diferentes cantidades de diñeiro.

Unha vez que aceptaron esa oferta, e pagaron o prezo esixido, atopáronse con que a promesa de facerlles un contrato laboral era falsa, e nunca foron dados de alta na Seguridade Social.

Asemade, se viron obrigadas a traballar en condicións infrahumanas, sendo encerrados nunha nave, sen ningún tipo e protección laboral, e sen percibir finalmente salario algún. O empresario lles impedía falar entre eles, ordenaba que se agochasen cando pasaban polas inmediacións da finca operativos da Garda Civil.

Esta situación se continuou no tempo varios meses ate que en xullo de 2020 un dos traballadores saca o se móbil para facer fotografías do lugar e as condicións de traballo. O empresario decatase de dito feito e ordena entregarlle o móbil. Ante a negativa do traballador, o empresario o ataca e xunto con outra persoa que facía as veces de encargado, o golpea repetidamente.

Ambos agresores rematan a súa agresión abandonado e coas mans amarradas ó rapaz no medio da noite nun monte da contorna. O rapaz consegue alertar ós servicios de emerxencia quen o rescatan esa mesma noite.

A raíz da denuncia presentada por este rapaz, sae á luz a situación do resto de persoas traballadoras. Desta maneira, un total de 10 persoas máis formulan denuncia contra este empresario e o encargado. A mesma deu lugar á incoación de Dilixencias Previas polo Xulgado de Instrución nº 2 de Ordes.

Dende SOS Racismo Galicia somo a acusación particular no procedemento, impulsando que o mesmos se tramitase por un delito de trata de seres humanos, que inclúe unas garantías reforzadas para as persoas vítimas de delito. En concreto, con esta cualificación dos feitos, as vítimas, todas elas en situación administrativa irregular, puideron optar á residencia extraordinaria.

Na data de redacción do presen-

elDiario.es

Hazte socio/a

Galicia

La denuncia de un trabajador migrante amenazado con un arma y maniatado destapa una trama de explotación en Galicia

La Guardia Civil investiga a un empresario gallego, que ha pasado un mes en prisión provisional, por estafar a peones agrícolas y apuntar con una pistola a uno de ellos

te informe o procedemento penal atopase en fase de instrución e todas as persoas prexudicadas posúen xa o informe favorable para residencia, pola súa condición de vítimas, polo lo que actualmente teñen permiso de residencia e traballo.

RESIDENCIA EXCEPCIONAL POR VÍCTIMA DE TRATA DE SERES HUMÁNS

(LO 4/2000 de 11 de Xaneiro sobre Dereitos e Liberdades dos Estranxeiros en España e a súa Integración Social (artigo 59 bis).

Regulamento da LO 4/2000, aprobado por Real Decreto 557/2011, de 20 de abril (artigos 140 a 146).

É unha autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais que poderán obter as persoas estranxeiras vítimas de trata de seres humanos.

A unidade policial que tivera identificada unha persoa estranxeira como vítima de trata de seres humanos elevará (de oficio, a instancia de parte ou por orde do Delegado ou Subdelegado do Goberno), no prazo máximo de 48 horas, proposta sobre a concesión do período de restablecemento e reflexión á Delegación ou Subdelegación do Goberno da provincia onde se tivera realizado a identificación.

No suposto de concesión do período de restablecemento e reflexión, na resolución incluirase a duración do período, a suspensión do procedemento sancionador, e autorizará a estancia do estranxeiro e, no seu caso, a dos seus fillos.

O Delegado ou Subdelegado do Goberno poderá determinar de oficio en atención á súa situación persoal, ou a instancia da autoridade coa que a vítima de trata estea colaborando na investigación de delito ou procedemento penal, a exención de responsabilidade da persoa estranxeira, por atoparse irregularmente en territorio español.

Determinada a exención de responsabilidade, o Delegado ou Subdelegado do Goberno informará á persoa estranxeira da posibilidade de solicitar autorización de residencia e traballo para ela e no seu caso, para as súas crianzas, dirixida á Secretaría de Estado de Seguridade, ou á Secretaría Xeral de Inmigración e Emigración, ou a ambas, en función de que a motivación resida, respectivamente, na colaboración da vítima na investigación do delito, na súa situación persoal, o nas dúas causas.

A Delegación ou Subdelegación dará traslado da solicitude ao Órgano competente axuntando informe sobre a situación administrativa e persoal da persoa estranxeira e sobre o sentido da resolución.

O informe favorable da Delegación ou Subdelegación suporá a concesión da autorización provisional de residencia e traballo, que será notificada ao interesado e implicará a posibilidade de traballar por conta allea ou propia en calqueira ocupación, sector de actividade e ámbito territorial.

A tarxeta de identidade (TIE) será renovable con carácter anual e ate que se dicte resolución sobre a autorización definitiva.

A persoa estranxeira poderá solicitar para e apra as súas crianzas, de ser o caso, o retorno asistido ao seu país de procedencia, en calqueira momento dende que sexan apreciados motivos razoables sobre a súa posible condición de vítima de trata de seres humáns, sen prexuizo de que as autoridades competentes no marco da investigación dun delito ou procedemento penal, poideran determinar a súa necesaria permanencia en territorio español.

DISCRIMINACIÓN POR DIVERSIDADE SEXUAL E MOTIVOS ÉTNICOS RACIAIS

Laura e Daniela

As persoas e grupos que traballamos en entidades como SOS RACISMO GALICIA (que ten como un dos seus principios a loita contra calquera tipo de discriminación dende a perspectiva antirracista) cremos que a sociedade debe evolucionar cara unha sociedade máis xusta e igualitaria que acolla, respecte e mostre a súa diversidade en todas as súas facetas. Isto implica ser moi críticas con todas aquelas olladas que seguen a perpetuar a NORMALIDADE en termos de brancura e iso vai dende as actitudes e comportamentos da sociedade e as persoas que nela residimos, as leis e regulacións existentes, as diferentes estruturas da sociedade e as lóxicas de funcionamento sen deixar de lado a linguaxe que usamos e que está presente nos ámbitos da administración.

Normal. Unha palabra simples que pode dar lugar a moitas lecturas distintas.

Normal=trazos fenotípicos caucásicos, persoas brancas.

Trazos fenotípicos normais... Normais para quen?

Esta aceptación, trazos fenotípicos normais, é o que se atopan Laura e Da-

niela cando se atopan iniciando os trámites para un proceso de reprodución asistida no servizo galego de saúde.

Denunciamos a gravidade da expresión empregada nuns formularios que deberan de actualizarse para non discriminar ás persoas que acoden a usar o servizo e se ven obrigadas a condicionar a súa identidade soportando clasificacións arcaicas nun momento tan importante das súas vidas. Xunto con esa aceptación aparece tamén a especificación dos sexos dos proxenitores o que incorre nunha segunda discriminación ao non ter en conta e dar cabida a persoas con diversidade sexual nos rexistros e procedementos estándares da administración, normalizando outra vez, que as parellas ou persoas que acoden a ese servizo deben acollerse ao réxime heterosexual (home+ muller) como única opción valida nesta sociedade.

A parella que acode ao citado servizo de saúde pon unha reclamación por varios motivos entre os que se atopan a discriminación por raza-etnia ante a administración e informa á Asociación LBTI Nós Mesmas (que interpón unha queixa) e a SOS RACISMO GALICIA.



Fotografía: **Fernando Leyra**

PRENSA ESCRITA E O PULSO RACISTA

No presente apartado recollemos a carta ao director que enviamos desde a Oficina de Información e Denuncia a La Voz de Galicia como reacción ao artigo publicado por Miguel Anxo Murado titulado "¿Es racista la policía en Estados Unidos?" O 30 de maio de 2020. Na carta ao director realizamos unha análise antirracista de dito artigo para denunciar os estereotipos racistas e que este xornalista estaba naturalizado. Lamentablemente temos que dicir que o xornal La Voz de Galicia non publicou a nosa carta. Sen embargo, o xornalista viuse obrigado a modificar o texto pola presión recibida tanto dende a nosa organización como das persoas que deixaron comentarios no propio artigo e que aínda son accesibles na web.

La Voz de Galicia

Una nueva muerte de un sospechoso de raza negra, en este caso a manos de la policía de Minneapolis, ha vuelto a abrir el debate sobre la brutalidad y el racismo de la policía en Estados Unidos. Pero es un debate que, a menudo, se hace al margen de los datos. Para empezar, es preciso distinguir entre los dos conceptos: el de la brutalidad policial y el del racismo institucionalizado, porque, aunque puedan coincidir, son variables independientes.

Respecto a la brutalidad policial, los expertos son casi unánimes: la policía norteamericana tiende a usar una fuerza excesiva con los sospechosos, sean de la raza que sean. Se han avanzado muchas explicaciones para esto, como la posible influencia de tácticas militares en los protocolos policiales (gran número de agentes proceden del Ejército y muchos son

La Voz de Galicia

Quizás una hipótesis más razonable es que en todas partes la agresividad de la policía y la de los delincuentes tiende a igualarse, y en una sociedad en la que es tan fácil para un delincuente hacerse con armas de fuego esto conduce a una espiral cada vez más violenta.

En lo que se refiere al racismo, sin embargo, los datos no corroboran la impresión más generalizada. Lo que se ha encontrado es que el número de sospechosos de raza negra muertos a manos de la policía se corresponde con el que cabría esperar de la distribución étnica de la delincuencia: los afroamericanos son solo el 12 % de la población, pero cometen más de la mitad de los homicidios y robos y el 70 % de los delitos relacionados con las drogas. Esto hace que sus interacciones con la policía, a veces letales, sean más frecuentes. Los estudios tampoco muestran que los policías blancos tiendan a protagonizar estos incidentes más que los de otras etnicidades cuando el sospechoso es de raza negra.

La Voz de Galicia

Pero la idea de estudiar el racismo de la policía a partir de estas muertes violentas es ya un error de partida, porque son un mal indicador. Solo se producen tiroteos en quinientos de cada millón y medio de arrestos, y solo una fracción de esos tiroteos resultan en muertes. Aunque las dimensiones de la población de Estados Unidos alimenten la impresión de una «epidemia de muertes a manos de la policía», estas son en realidad un hecho excepcional, demasiado como poder medir con él un fenómeno como el racismo. Para eso, es mejor recurrir a indicadores con más datos, como las infracciones de tráfico. Pero ahí, curiosamente, el sesgo que aparece es en perjuicio de los hispanos, mientras que blancos y negros quedan igualados. Sí se detectan casos puntuales de racismo, pero estos tienden a concentrarse en

determinados estados, e incluso en determinados condados, lo que apuntaría a un «racismo local» y no generalizado.

Esta última tragedia de Minneapolis parece, claramente, un episodio de brutalidad policial, aunque podría obedecer a causas más particulares que generales: el agente implicado tenía un largo historial de denuncias por abuso de fuerza. En cuanto a la raza del sospechoso, no hay de momento ninguna razón para pensa que haya jugado ningún papel en su muerte.

Sr/a Director/a:

Poñémonos en contacto con vostedes en relación ó artigo publicado en La Voz de Galicia o pasado 30 de maio de 2020 baixo o titular "**¿Es racista la policía de Estados Unidos?**", asinado por Miguel Anxo Murado.

Dito artigo faise co gallo do falecemento dun home de raza negra na cidade de Minneapolis, asfixiado por un axente de Policía no transcurso dunha detención, o pasado 25 de Maio e a ola de protestas que se veñen repetindo, denunciando dito feito.

Como asociación que defende a igualdade de trato e a non discriminación por cuestión de orixe, etnia, relixión ou cultura, entendemos que o trato dado por dito artigo a un episodio coma este é absolutamente inadmisible, xa que coas afirmacións vertidas nega a existencia dun racismo estrutural (non só nos EEUU), manipulando os datos e a realidade, cunha actitude canto menos ousada ao descoñecer en primeiro lugar os conflitos e dificultades que deben enfrontar as persoas non brancas nas sociedades occidentais.

As verbas plasmadas no referido artigo reflexan o parecer dunha persoa privilexiada, social e racialmente que nunca se tivo que preocupar sobre a súa aparencia ou cor de pele ao relacionarse coas forzas de seguridade do estado.

É un exercicio de responsabilidade na labor dos profesionais do xornalismo, asumir que os medios actúan como principal referencia informativa e formativa dun importante sector da sociedade. Por esa razón, con este tipo de noticias, transmítense prexuízos e estereotipos negativos, reforzando os xa existentes entre o público ou engadindo outros novos.

Deste xeito, a nova ven afirmar varias cuestións que consideramos totalmente inadecuadas, tal e como a continuación se expón:

"La policía norteamericana tiende a usar una fuerza excesiva con los sospechosos, sean de la raza que sean".

Negar que a poboación non branca sexa obxecto da violencia policial, polo mero feito da súa raza, e descoñecer, ou, o que é máis grave, obviar, as cifras que falan dos abusos e os asasinatos de persoas racializadas durante todos estes anos nos EEUU.

As estatística amosan que a discriminación racial está presente en cada esfera da sociedade estadounidense. E polo tanto, na actuación das forzas de seguridade.

En liña co Reporte Suplementario de Homicidios del FBI, o 31.8% das persoas que son tiroteadas pola Policía son afroamericanas, unha proporción que duplica o 13% do número de afroamericanos que hai na poboación xeral.

Asemade, o total de persoas detidas en Estados Unidos, o 28,1% eran negras, algo que se traduce en que unha persoa de raza negra ten seis veces máis posibilidades de ser encarcerado que unha persoa branca, e 2% veces máis que unha persoa latinoamericana, segundo os datos recollidos pola organización estadounidense The Sentencing Project.

O feito incontestable é que a policía continúa matando a persoas afroamericanas en números desproporcionados en comparación co total da poboación: teñen 2,5 veces máis probabilidades de ser asasinadas pola policía que as brancas. Unha persoa negra desarmada ten cinco veces máis posibilidades de ser asasinada pola policía que unha persoa branca desarmada, segudo os datos do Observatorio de Dereitos Humanos.

Non se trata de estudar a violencia o brutalidade policial como un fenómeno illado, neutral ou independente, senón de comprender o seu papel como "o brazo executor" do racismo institucional e sistemático nos EEUU.

"Los afroamericanos son sólo el 12% de la población, pero cometen más de la mitad de los homicidios y robos y el 70% de los delitos relacionados con las drogas".

Semellante frase perpetúa a criminalización e o a estereotipa-

ción das persoas afroamericanas como delincuentes e persoas potencialmente perigosas.

Nesa frase se sacan de contexto esas cifras para tentar xustificar a actuación dos policías coas persoas afroamericanas, baixo o eterno discurso de que a actuación e mesmo a condición da persoa detida xustificaría unha actuación tan grave coma un asasinato.

Debemos deternos a pensar por que as persoas negras teñen máis encontros cos axentes de policía e como son referenciadas nos media. Os corpos policiais teñen unha maior presenza nos barrios máis desfavorecidos e a poboación afroamericana sofre a pobreza dunha forma mais severa (outra forma máis dese racismo institucional).

No seu libro "The New Jim Crow: Mass Incarceration in the Age of Colorblindness" Michelle Alexander sostén que o sistema de xustiza penal estadounidense é por si mesmo un instrumento de opresión racial. "El encarcelamiento masivo opera como un sistema cerrado de leyes, políticas, hábitos e instituciones que operan de manera colectiva para asegurar que la condición de subordinación de determinado grupo se defina en buena medida por su raza".

"Las muertes a manos de la policía son en realidad un hecho excepcional, demasiado como para poder medir con él un fenómeno como el racismo".

Debemos insistir en que non se poden extrapolar cifras para facer unha valoración numérica e aséptica dos episodios de abuso e asasinatos por parte da policía cara ás persoas negras.

Baixo a escusa de amparo neses datos nesgados, preténdese negar a existencia dun racismo estrutural e pandémico nos EEUU como parte dun sistema que oprime e se ceba coas persoas racializadas.

Lembraremos que unha das recomendacións extraídas do **foro sobre comunicación e minorías éticas** aconsella que:

"**Non deben incluírse nas noticias características como o grupo étnico, a cor da pel, o país de orixe**, a lingua, a relixión ou a cultura agás nos casos en que sexa estritamente necesario para a comprensión da información. **Este tipo de caracterizacións establece dicotomías do tipo eles / nós, que afastan ás minorías do resto da poboación e adoitan relacionarse con outros binomios maniqueos**. A súa inclusión debe coidarse aínda máis perante a inclusión de conceptos tan contestados como os de "etnia" ou "raza", dos que se ten discutido a súa utilidade para a caracterización dos grupos humanos."

"Os medios de comunicación teñen un importante papel como formadores de opinión pública. É esencial, daquela, evitar a potenciación das informacións negativas ou sensacionalistas, xa que poden dar azos á aparición de conflitos.

Isto non implica faltar á verdade con edulcoracións ou eufemismos, mais apenas **ofrecer unha perspectiva ampla e transversal das minorías, visibilizando cuestións como as súas condicións de vida, integración, aportacións á cultura e á economía**, etcétera. Neste contexto, é esencial a aparición de información de contextualización, como a documentación (coas posibilidades dos medios dixitais, non sempre aproveitadas), a inclusión das minorías en xéneros que ofrezan unha profundidade de análise alén do propio acontecemento, como a reportaxe, ou a aparición de información sobre as minorías en todas as seccións, e non apenas nas de sociedade. Por suposto, a calidade e o rigor han ser, como no resto do xornalismo, os principais garantes dunha información axeitada."

Polo exposto e tras denunciar o ton e afirmacións do artigo, esiximos a La Voz de Galicia que o retire e publique un comunicado onde se retracte do contido do artigo por racista e manipulador.

Un saúdo.

ARTIGOS

A Lei de Estranxeiría mata e antes desgasta a nosa saúde mental

Mari Fidalgo

A saúde foi sen dúbida o tema que marcou o ano 2020. A pandemia ocasionada polo brote da Covid 19 colocouno de cheo na axenda mediática e política provocando debates con distintos enfoques e capas de profundidade.

A capacidade dos sistemas nacionais de saúde para facer fronte a tal situación despois de décadas de recortes e des investimento a causa de políticas neoliberais. O fráxil equilibrio entre a responsabilidade colectiva e a garantía de dereitos e liberdades nun contexto de escalada do control social. O conflito capital-vida plasmado nas medidas de protección do lucro das empresas fronte a protección da saúde e a garantía das necesidades básicas das persoas.

Con a crise sanitaria viuse claramente como os sectores que resultaron ser esenciais eran aqueles con condicións laborais mais precarias e con elevada participación de persoas migrantes. O risco de contaxio foi e segue sendo moi acusado para este colectivo ao estar en contacto directo co virus no ámbito dos coidados e tamén pola falta de medidas de protección. Todes[1] vimos a situación de indignidade na que viven os traballadores temporeiros, sen aceso a auga nin a un teito en medio da pandemia. Moitas tivemos coñecemento das denuncias de vulneracións de dereitos realizadas polas asociacións de empregadas do fogar e dos coidados ou de traballadoras sexuais.

A mestura entre segmentación laboral e desprotección fixo que se volvera a falar da saúde (e das exclusións para acceder a atención sanitaria) entre a poboación migrante. Desde o Real Decreto 16/2012, que retirou ese dereito ás persoas en situación irregular (e que non acabou de ser restaurado polo contra decreto do PSOE do 2018, pese a ser anunciado aos catro ventos) non se volvera a poñer tanto foco nas nosas condicións de saúde.

Así, no contexto pandémico, por un lado escoitamos os discursos neofascistas que sinalan os perigos de contaxio que supoñen as persoas chegadas pola fronteira de sur ou que sobreviven en campamentos miserables. Na súa liña, piden incrementar o control, o illamento, a segregación. Polo outro vemos como esquerda e ONG's ben intencionadas falan dos factores de risco por razóns laborais, sociais ou habitacionais. No entanto, cando tratan de desmontar mitos e abordar a relación entre saúde e migración, seguen a cristalizar unha narrativa utilitarista. Xustifican que as persoas migrantes, pola súa xuventude e boas condicións de saúde, apenas empregan o sistema sanitario. Desde esa narrativa somos corpos saudábeis. Chegamos con capacidade para traballar e producir.

En ambas abordaxes da saúde sempre se está a apelar a dimensión biofisiolóxica. Polo xeral pouco se fala da saúde mental de quen migra e de como esta se ve agravada neste contexto de incerteza e de crises sobrepostas (económica, social, de coidados, ambiental) que impactan directamente aos sectores de poboación máis vulnerabilizados.

O feito de migrar por si só xa nos fraxiliza[2]. Sen querer homoxeneizar e seguir reproducindo a lóxica patoloxizante eurocéntrica e pa-

1. Este texto está redactado en linguaxe inclusiva. Tratamos de adoptar fórmulas que inclúan as identidades disidentes do binarismo de xénero pois, ben sabemos como feministas, o que non se nomea semella que non existe.

2. De feito o autor Nabil Sayed-Ahmad considérao como un "acontecemento vital estresante" que constitúe un factor de risco. Sayed-Ahmad Beiruti, N. (2010). Experiencia de migración y salud mental. Hacia un nuevo modelo de salud. En L. Melero (Coord.), La persona más allá de la migración (pp. 259-292). Ceimigra.

triarcal que subxace a categorías diagnósticas como a chamada "Síndrome de Ulises", hai un compoñente común nas experiencias migratorias. Deixar atrás un proxecto de vida, unha subxectividade e a pele que a envolve (a cultura na que te criaches, a historia que da significado ao presente individual e comunitario no que te insires, os valores sociais, familiares e persoais) para ir na busca de outro incerto, impreciso. Construído en base a expectativas e imaxinarios que a meirande parte das veces ten pouco que ver coa realidade. Asumir o peso da "decisión" e as responsabilidades que provoca.

Canta liberdade de escolla hai se a realidade de partida é de precariedade vital, falta de oportunidades e de realización persoal e profesional, de abandono, violencias, encorsetamento de quen es e de como e con que te relacionas? Como se mitiga a culpa ao sentir que tomaches unha "decisión" equivocada e da que cada día é mais difícil desfacerse e volver atrás?

Procesos emocionais que se entrelazan co estrés que supón adaptarse e saír adiante nunha sociedade que te nega e inferioriza constantemente. Que pon en tela de xuízo a idoneidade da túa presenza nese territorio. Ou que a atrela a rendibilidade e a utilidade. E por enriba de todo, que te persigue. Fátima Masoud Salazar[3] sinala que as persoas racializadas e migrantes teñen mais posibilidades de "ser vítimas da psiquiatrización e de todas as institucións coercitivas do Estado".

Un dos maiores factores de estres e malestar psíquico é a Lei de Estranxeiría e outros instrumentos legais represivos que se amparan na lóxica colonial racista e patriarcal española. Ter que agardar tres anos para poder acceder a un permiso de traballo e por tanto non ter mais posibilidade de sosterse que na economía informal, precisar reunir requisitos esixentes mesmo para xente autóctona unha vez completados estes tres anos, vivir co medo a unha identificación e a unha posible deportación, todo isto erosiona a saúde emocional. Instala a moitas persoas nunha vivencia de estres, medo, angustia, desesperanza e tristura.

O anterior, agarrado ao supremacismo eurobranco e a todo o seu marco de valores e construcións simbólicas, desgarra a autoestima das persoas migrantes. Comezan a dubidar do seu valor, dos seus saberes, de si mesmas e do seu poder como axentes de mudanza, como suxeitas, suxeites e suxeitos políticos. Pasan a habitar a espera e a interiorizar o conto neoliberal que culpabiliza as persoas do seus fracasos, cando de fato estamos a falar dun fracaso sistémico ou se cadra do éxito dun proxecto civilizatorio que busca eliminar ou someter as existencias de quen sobra desde a súa lóxica macabra. En todo caso, podemos ver como se fractura o sentimento colectivo e se afoga as posibilidade de criar un nós, unha potencia de cambio. Unha trama na que poder resignificar as experiencias, comprender colectivamente o que sucede, nutrir o sentido de pertenza, activar a memoria larga (como dirían as irmás de Abya Yala[4]) e reforzar os potenciais para a transformación das vivencias e da realidade persoal e social.

Para chegar aí en moitas ocasións é preciso traballar en paralelo cos traumas experimentados durante a travesía ou durante o período no que se leva habitando este territorio. Quen da conta das perdas, dos abusos, das humillacións, das dores que portan eses corpos? Quen se responsabiliza de escoitalas e de reparar esas feridas?

No caso das persoas asignadas como mulleres ao nacer o impacto é aínda maior debido a coñecida interacción entre xénero e saú-

de mental. Polo xeral as mulleres teñen unha peor calidade de vida e saúde mental que os homes. Os roles de xénero ríxidos, as responsabilidades solapadas de coidados, o maior nivel de violencia ao que están expostas, a invisibilidade e o illamento, e por tanto a menor posibilidade de tecer redes de solidariedade, todos estes factores agravan o padecemento psíquico das mulleres migradas. Si se trata de mulleres racializadas o malestar tenderá a ser aínda mais acusado. Algúns destes factores de risco, ademais de outros de carácter específico, poden permear tamén as vivencias das persoas con identidades de xénero disidentes, repercutindo sobre a súa saúde mental.

Por todo o anterior considero que urxe poñer o foco na saúde psíquica das persoas migrantes. Recoñecer que somos moito mais do que ese imaxinario de suxeites saudábeis, que apenas acudimos ao centro de saúde e que estamos dispoñíbeis para xerar dividendos para o capital. A explotación, invisibilización e negación vanse filtrando e paulatinamente enférmanos, consume a nosa vitalidade, confianza, ilusións. Secuestra a nosa capacidade de soñar e de activarnos para mudar unha realidade que non nos ten en conta.

É fundamental que comecemos a idear formas de acompañamento psicosocial e emocional. Iso nos concirne a todo o tecido social que se posiciona na loita antirracista e contra as fronteiras. Precisamos deixar de ignorar a dimensión psíquica. Sempre chama mais atención atender das necesidades básicas, mais a saúde mental tamén o é.

Desde aí faise necesario seguir reivindicando a atención sanitaria como un dereito universal que debe ser concretado nun servizos públicos dignos, de calidade, ben dotados e que poidan dar resposta as necesidades da poboación. De toda a poboación, tamén das persoas migradas e/ racializadas.

Porén, en canto damos curso a esa reivindicación, precisamos explorar alternativas autoxestionarias desde os colectivos de base. Precisamos que os malestares, os loitos, os conflitos e os traumas abórdense cunha perspectiva de comprensión sistémica e de sensibilidade cultural, de apoio social e bo trato. Precisamos desenvolver un marco de acompañamento psicosocial antirracista, antipatriarcal e emancipador. Que fortaleza identidades e urda unha trama vincular que sustente procesos de cambio estrutural, desmontando narrativas, relacións e estruturas de poder.

Moito temos berrado que a Lei de Estranxeiría, e todo o marco lexislativo e político represivo racista e colonial, mata. O certo é que antes de chegar a extremos, a necropolítica desgasta a nosa saúde mental e mais aínda das persoas que se atopan en situación de irregularidade administrativa ou son solicitantes de protección internacional. O limbo no que as coloca o actual marco xurídico e o malestar psíquico que deriva desa situación pódese chegar a vivenciar como unha sorte de morte en vida.

Fronte a estratexia da dor e desarraigo, precisamos tecer urdimes antirracistas e feministas. Redes de apoio social e emocional tecidas con fíos de escoita, empatía, compañía, confianza, tenrura, horizontalidade, reparación e empoderamento colectivo para transformar de raíz as nosas vidas e a este sistema opresor.

3. https://madinamerica-hispanohablante.org/racismo-y-salud-mental-fatima-masoud-salazar/

4. Termo empregado polo pobo Kuna (Panamá e norte de Colombia) para nomear o continente que a partir da conquista colonial ficou coñecido como América. É reivindicado polos feminismos decoloniais nunha aposta por renomear e reafirmar política e epistemoloxicamente a autonomía deses territorios e dos pobos que o habitan.

Resistencia en tempos de pandemia

Resistencia en Terra Allea

Mesmo unha pandemia a nivel global non foi capaz de abalar as estruturas dunha sociedade que, chegada a este punto, descoñece o concepto de comunidade e na que esvaece moi sutilmente, mais á vez rapidamente, a humanidade. Cando estoupou a crise do coronavirus e a Galiza, así como outros territorios, entrou no confinamento domiciliario, xurdía unha pequena faísca de esperanza onde posíbeis futuros utópicos eran soñados. Por moitos beizos frases como "é a fin deste sistema", "desta saímos como mellores persoas", ou mesmo o termo promovido polo Estado Español (E.E) de "nova normalidade" enchían as fendas profundas que foron abertas por xa non existir unha luz na fin do túnel. Respirábase unha brisa de calmaría entre todo o temporal. Pequena e fuxidía brisa que alertaba da falsa ilusión que se estaba a crear coas frases talismán. Ata certo punto o E.E. acertou plenamente nas súas predicións dunha neonormalidade, posto que, pós a primeira onda do COVID-19, atopámonos cunha sociedade cun sistema marxinalizador aínda máis afianzado e cun discurso de odio ampliando espazos, alén de establecernos en tempos onde non existe a verdade mais si a desinformación.

Aberrante foi, por exemplo, o anuncio dos médicos franceses[1] sobre facer experimentos para acadar a cura do virus con persoas de países africanos, xerou polémica, é obvio, mais víase como moitas persoas aceptaban e vían como válida esta opción. Tamén os ataques constantes á poboación asiática no comezo da pandemia fixeron con que moitas máscaras caesen. Dun día para o outro vimos como unha vez máis os discursos discriminadores dirixíanse cara a poboación migrante, os contaxios estaban ser culpa das persoas que tentaban entrar a Europa e a solución era seguir deixándoas morrer na tentativa. Unha vez máis as agresión estaban a ser lexitimadas.

Dende Resistencia en Terra Allea (ReTA) percebemos que tanto o noso colectivo como compañeires doutros víronse coa tarefa de activar campañas pedagóxicas co propósito de crear barreiras contra o temporal que comezaba a formarse. Ante unha crise mundial, onde tódalas demais persoas tiñan como principal preocupación pensar que terían onde vivir, o que comer ou onde traballar, dende aquí o temor era non poder ser.

Quen somos Resistencia en Terra Allea?

Resistencia en Terra Allea é un colectivo mixto formado actualmente por 10 mulleres diversas: racializadas, brancas, migrantes e autóctonas con diferentes historias e traxectos persoais, que nace hai máis dun ano nas rúas de Compostela.

Sendo conscientes da notábel falta de reivindicar situacións que afectan directamente ás persoas racializadas e/ou migrantes nos movementos sociais do noso entorno, damos os nosos primeiros

1. elDiario.es: Críticas a los médicos franceses que propuxeron ensaiar la vacina contra el coronavirus en África: "¡Los africanos no son ratas!" Recuperado de https://www.eldiario.es/rastreador/criticas-franceses-propusieron-coronavirus-africa_132_1211256.html (27/01/2021)

pasos en 2018 cunha idea moi concreta: organizar unhas Xornadas Antirracistas e Decoloniais para xerar un espazo activo onde esixir e recuperar memoria e reparación. Estas contaban cunha ampla programación de charlas antirracistas, debates, mesas de experiencias para persoas racializadas e/ou migrantes e actividades culturais.

Tras este empuxe cheo de emocións e conexión, decidimos afianzarnos como colectivo para dar continuidade a unha necesidade que tiñamos todas en común: crear un espazo antirracista e decolonial para visibilizar, aprender, desaprender e afianzar vínculos con persoas e con dores e vivencias similares ás nosas.

É por iso que desde entón procuramos ser desencadeantes ou continuadoras de sinerxías e accións decoloniais, por unha ponte para a visibilización de proxectos de persoas racializadas en Compostela, por outra parte para impulsar formación antirracista e decolonial na cidade, e tamén como un espazo de activismo antirracista e decolonial en todas as súas formas.

A continuación, faremos un percorrido polos acontecementos máis destacados en Santiago de Compostela en relación co racismo estrutural e institucional, ademais de visibilizar o traballo feito desde o noso colectivo en colaboración con outros para seguir creando redes de apoio antirracista dende a decolonialidade e o colectivismo.

Mentres podamos respirar

O 25 de maio, un policía asasinou a George Floyd axeonllándose no seu pescozo durante 8 minutos e 46 segundos, mentres outros dous policías axudaron a inmobilizalo e un cuarto policía observaba. Isto non é un caso puntual, senón un patrón de brutalidade policial perpetrado por un sistema racista estrutural, o mesmo que normaliza e fomenta de maneira desproporcionada a violencia contra as persoas negras, e que dá impunidade aos seus agresores e asasinos. Isto non só sucede en Estados Unidos. Aquí tamén nos matan.

As violencias que nos atravesan non se limitan ás agresións físicas, marxínannos, nos estereotipan, instrumentalízannos e fetichizan; déixannos sen emprego, sen casa e quítannos a nuestres hijes. Se algo temos claro é que xa sexa de esquerdas ou dereitas, o goberno non pensa en nosotres, o sistema está cheo de ferramentas para dificultar as nosas vidas e beneficiar as vosas, somos a mina de expropiación de man de obra barata por excelencia, convertémonos en esclaves da Lei de Estranxeiría, somos encerrades nos Centros de Internamento de Estranxeiros en redadas por perfil étnico, nos deportan en voos en quente e somos relegades aos sectores laborais máis coñecidos por ser precarios e abusivos.

As nosas vidas: as vidas negras, racializadas e migrantes son as que traballan para ti, coidando dos vosos maiores e recollendo o alimento que finalmente chegará ao teu prato sen importar a nosa saúde, os nosos dereitos, porque mentres #tiquedasnacasa hai miles de vidas que traballan por e para ti, sen ningunha medida de seguridade e en condicións de amontoamento. As mesmas vidas que aínda a día de hoxe piden a #regularizacionxa e que foron perseguidas e violentadas pola policía durante o estado de alarma.

Nin a sociedade, nin a policía, nin a lei, nin o Estado. Nada nos protexe. Non somos iguais, a nosa vida non vale o mesmo. O concepto de "raza" creado polos colonos hai 500 anos é a nosa ferida ancestral, o peso xigante co que temos que vivir todos os días. Apoiámonos mutuamente, colectivizamos nosa loita, creamos

caixas de resistencia antirracista porque levamos máis de 5 séculos resistindo. Somos resistencia tan só por existir.

Durante estes días, fomos testemuñas a distancia de protestas en contra do racismo estrutural en Estados Unidos, protestas que se estenden por todo o mundo; apoiamos a nuestres compañeres que saen á rúa e queiman, rompen e gritan. Porque a rabia está xustificada e calquera reacción cara o racismo estrutural é lexítima e nosa. Con toda a violencia que temos que aguantar día a día, non podemos continuar reprimindo a nosa rabia. Estamos fartes de aguantar, soportar e tragar a cultura, os costumes, as normas doutros que non nos deixan existir en novos territorios e conservar a nosa identidade, mentres vós xogan a disfrazarse dos nosos devanceiros, a seguir modas que se sustentan no extractivismo téxtil, nosotres non podemos saír á rúa sen as miradas incomodas, sen ser o punto negro ou marrón nun mar de puntos bancos.

Tamén esiximos responsabilidade aos medios de comunicación que seguen dando acceso a espazos privilexiados de opinión a persoas racistas, esta semana La Voz de Galicia publicou un artigo que poñía en dúbida a propia existencia do racismo como un problema estrutural, non podemos permitilo. Ninguén debería poder poñer en dúbida as nosas experiencias, a nosa dor, ninguén máis que nosotres sabe o que é migrar, o que é ter que empezar de cero e non saber como facelo, ninguén máis que nosotres vive as nosas violencias. Non queremos aliados, esiximos accións antirracistas.

Esta loita non é só nosa, é de todes. Todes son responsables da nosa dor, son cómplices cando calan, cando ignoran, cando atacan, son cómplices cando son testemuñas dun acto racista e non responden, esiximos reparación, equidade e espazos que sirvan como altofalante para as nosas experiencias. Hoxe a maioría de vós non estarían aquí presentes se non fóra pola mediatización do asasinato de Floyd, pero isto é unha loita permanente, é levar á práctica a revisión de privilexios e opresións, sinalar o racismo noutros territorios tamén ten que unirse con sinalar o racismo do noso. Aquí asasinan por racismo a persoas racializadas, migrantes, gitanes, negres e asiátiques todos os días, a mans do Estado e a mans da supremacía branca.

Non nos vale co teu cadrado en negro, non nos vale co teu hashtag, queremos que pechen os CIEs definitivamente, que regularicen a todes os compañeires migrantes, que actúes cando nos insultan no autobús, no ambulatorio, nas rúas, nas

aulas e nas asembleas, que deixes de apropiarche da nosa cultura e do espazo que nos corresponde, que xa non esixas máis pedagoxía antirracista gratuíta, que recoñezas todo o que sufrimos e o que achegamos para que ti poidas estar aquí. Porque sen nosotres, sen o sur global, sen as terras colonizadas sería imposible que a súa o Estado de benestar existise. Moito nos queixamos de "cobrar en negro" e pouco de que lles negres non cobren, seguimos pensando que lles gitanes e lles asiatiques teñen maior taxa de fracaso por vagos, pola súa cultura, porque eles así decídeno. E non, as nosas vidas non contan co espectro de opcións que unha persoa euroblanca ten. Non temos dereito a elixir porque o racismo estrutural xa decide por nosotres.

Todos os días son de loita e loito, nosotres estamos aquí pero muches xa non, foron asesinades polas forzas de seguridade do Estado, por grupos supremacistas, polas leis migratorias, a única opción é esixir reparación e seguir gritando, seguir vivindo con, por e para a loita antirracista… Mentres podamos respirar.

As vidas racializadas importan

O sábado 11 de xullo de 2020 espertamos cun terríbel vídeo nos nosos teléfonos, unha gravación na que varios policiais agrediron e sufocaron a un menor racializado facendo con que case perdera o coñecemento. Dita gravación non foi de novo nun lugar como os Estados Unidos, senón nas rúas de Compostela, concretamente na parada de autobús da rúa da Rosa.

A través das redes sociais estendeuse axiña, mais tamén a través de medios racistas como El Correo Gallego, un dos espazos de hexemonía e de supremacía branca que intentan facer xornalismo atacando constantemente a persoas migrantes e/ou racializadas baixo a aprobación de toda a comunidade galega.

M, un menor migrante e racializado que vive en Compostela, atopábase na parada de autobús cos seus amigos cando foi vítima, ou máis ben sobrevivente, da violencia policial exercida mediante identificación por perfil racial ou étnico:

"Se quedaron parados un poco y luego me preguntaron por el DNI, les dije que no lo tenía y ahí empezó todo: justo cuando dije NO se lanzaron dos policías encima de mí, me encontraba en una situación agresiva. Ni siquiera me dejaron acabar mi frase de que lo tenía en el móvil, si no les valía no pasa nada, iba con ellos sin problema porque yo no estaba matando a nadie ni robando, solo estaba sentado esperando el bus para mi casa.

Empezaron a empujarme contra el coche y yo no entendía por qué estaba pasando todo eso, solo quería irme porque pensaba en ese momento que si me estaban haciendo esto fuera, dentro... ¿qué me harían?. Tenía miedo, solo quería escaparme porque veía que la situación era racista ya que éramos 4 personas y solo fueron a por mí". - testemuño de M.

Despois de recibir o vídeo, Resistencia en Terra Allea, o Foro

Galego de Inmigración e Raias Travesseiras movémonos para tratar de contactar con Mourad ou con alguén da súa familia, para dar apoio e todos os recursos posibles que fosen necesarios nestes momentos de dor, impotencia e desesperación; sentimentos que habitan no noso corpo non só cando vivimos ataques deste tipo senón tamén dun xeito ancestral e colectivo, abrindo feridas que nunca se curaron.

O 20 de xullo de 2020 convocamos unha concentración e, aínda que pasou pouco tempo desde que experimentamos a chamada masiva do asasinato de George Floyd e a praza do Obradoiro encheuse de xente, esta vez fomos algo menos da metade a pesar de que a tentativa de asasinato aconteceu no noso propio entorno.

"Convocamos esta concentración porque queremos denunciar publicamente o que vivimos, queremos que se acabe o medo para saír á rúa, que deixen de perseguirnos, de sinalarnos, de mirarnos. Queremos que cando están a agredir a unha persoa racializada, ti, persoa branca, sexas quen esixa que paren de violentar, que coides a quen está sendo agredide, porque para ti a defensa é lexítima neste sistema supremacista.



Vivimos de novo un episodio de violencia racista institucional e estrutural porque en Galiza tamén vivimos asasinatos e agresións racistas, tamén se fan redadas ou detencións por perfil racial ou étnico, tamén se aplica a Lei de Estranxeiría, tamén se fai uso da brutalidade policial, e tanto El Correo Gallego como La Voz de Galicia son cómplices desta violencia porque difunden información falsa, malversan os relatos das persoas racializadas, perpetúan pensamentos, lóxicas e imaxinarios racistas e coloniais que retroalimentan discursos e agresións cara a corpos racializados e/ou migrantes.

Facemos un chamamento á co-responsabilidade do conxunto da poboación para garantir a seguranza das persoas migradas e/ou racializadas nas rúas e en todos os espazos. Se unha persoa branca non tivera gravado o vídeo, non poderíamos denunciar esta agresión. Se unha persoa branca non lle tivese berrado á policía, este mozo podería estar na ampla lista

de persoas asasinadas polo racismo, porque as nosas voces están eclipsadas e os nosos corpos deshumanizados" - extraído do manifesto elaborado por ReTA, Raias Travesseiras e o Foro Galego de Inmigración para o 20 de xullo de 2020.

Grazas a M, e á súa familia por contar e confiar en nós para denunciar, berrar e chorar xuntes ante esta dor.

Tres semanas de salvación branca

Durante os meses de Setembro e Outubro do ano 2020 celebrábase en Compostela un evento mercantil co título de *Compostela + Solidaria*, onde organizacións galegas dicían fomentar un tipo de mercado máis xusto, sostible e solidario, ás que se unían diversos comercios da cidade que proclamaban cumprir coas cláusulas da solidariedade. Non obstante, ao facer unha observación aos produtos que ofrecían e á forma na cal eran ofrecidos, decantámonos de que quizais a solidariedade era, por un lado, marketing, e por outro, contiña o implacable complexo de salvadores branques: a súa campaña tiña como centro o uso da imaxe de corpos racializados e/ou migrantes precisando seren salvados a través da compra do produto.

ReTA decide entón facer unha contracampaña nas súas redes sociais coa finalidade de facer un chamado á reflexión por parte destas organizacións. É imprescindible, nos tempos que corren e nun evento deste tipo, traballar a decolonialidade e o antirracismo para non seguir cun discurso que discrimina e fere as persoas racializadas e/ou migrantes.

"Unha vez máis, este programa de "sensibilización e divulgación" opta por perpetuar un discurso hexemónico e racista que por un lado, non ten en conta en ningunha parte do proceso -creación da proposta e programación- aos colectivos racializados e/ou migrantes que converxen na Galiza, e que, pola outra banda, divulga e educa nunha concepción eurobranca da realidade local e global.

A proposta carece de lexitimidade se as nosas experiencias como corpos racializados e/ou migrados non son tomadas en conta, se non existe un exercicio de deconstrucción das branquitudes e o programa xira entorno a promocionar traballo de colectivos privilexiados e cumprir coa axenda política.

Facemos chamamento tanto á autoreflexión como á autocrítica, ademais, esiximos a inclusión de colectivos racializados antirracistas que participen activamente no deseño, planificación,

execución e avaliación das próximas edicións de Compostela + "Solidaria"." - Texto extraído da publicación de ReTA.

Pódese acceder á campaña nas seguintes ligazóns: Instagram | Facebook.

Normalizando os dereitos das persoas racializadas e/ou migrantes

Normalizar é unha palabra que non nos gusta. Sentimos que alude ao que é hexemónico, ao que está no centro. Todo o contrario do que queremos reivindicar como colectivos e espazos que loitamos contra o racismo, o colonialismo, as políticas migratorias e de fronteiras.

Con todo, nos últimos tempos estamos a vivir unha normalización dos discursos de odio e da presenza da extrema dereita nas institucións, espazos mediáticos e nas rúas. Normalízanse as redadas racistas, as identificacións arbitrarias, a criminalización das infancias migrantes, o abandono institucional cara as persoas que sosteñen servizos esenciais como a recollida de froita ou os coidados, as cales quedaron sen ningún tipo de apoio ou prestación nesta situación de crise sanitaria. Normalízanse as mortes nas fronteiras, a violencia que supón non poder acceder a citas en estranxeiría para renovar documentación ou ter que seguir na irregularidade administrativa despois de anos vivindo neste territorio porque non se logra presentar un contrato dun ano a xornada completa para poder realizar ese trámite.

Fronte á normalización do fascismo e do racismo, das violencias cotiás contra as vidas das persoas migradas, refuxiadas e racializadas, queremos deixar claro que o único que compre normalizar nunha sociedade verdadeiramente democrática e na que prime a xustiza social son os dereitos. Dereitos como o acceso a educación, saúde, vivenda ou ao ocio, cultura e participación social, a poder abrir unha conta bancaria, a vivir sen medo a unha deportación ou a sufrir unha identificación por perfil racial ou étnico. Dereito a non ser ignorade, revitimizade e violentade polo racismo institucional despois de vivir e denunciar unha agresión machista. Todos estes e moitos máis son dereitos fundamentais que a día de hoxe seguen a ser negados ás persoas migrantes, refuxiadas e/ou racializadas. Que seguen a ser vulnerados no cotiá e que non contan coas accións e políticas necesarias para erradicar a discriminación e o racismo estrutural e institucional[2].

Por iso, diferentes colectivos antirracistas, polos dereitos das persoas migrantes e contra as fronteiras, lanzamos esta campaña para dar a coñecer algunhas das vulneracións de dereitos que se están a producir no contexto galego e español. Ao longo de varias semanas visibilizamos vulneracións e tamén as nosas esixencias en materia de Seguridade e Loita

2. Semana Galega de Loita Contra as Fronteiras: Comezamos coa 2ª fase da campaña Normalizar os Dereitos Foro Galego da Inmigración. Moitos dereitos por normalizar. Recuperado de https://contraasfronteiras.wordpress.com/2021/01/27/__trashed/ (29/01/2021)

contra as Fronteiras, Igualdade e Diversidade, Administrativos, Económicos, Saúde, Ocio, Cultura e Participación, Dereitos Sociais, Vivenda, Políticos e Educación.

Ademais da campaña nas redes sociais estaremos desenvolvendo unha serie de actividades complementarias como concentracións, faladoiros, accións de rúa e outras. Apelamos a rachar coa normalización da exclusión, que as violencias contra as vidas racializadas e migradas non nos sexa indiferente.

Tamén queremos amosar o recoñecemento a todes es noses compañeires, persoas racializadas e/ou migradas que visibilizan e denuncian a través de diferentes canles, as discriminacións e vulneracións que viven cada día, pasando por cima das trabas burocráticas e posíbeis represalias. Estes xestos de coraxe e defensa dos dereitos fundamentais son a materia para transformar os cimentos desta sociedade tan profundamente atravesada pola desigualdade, a xenofobia e o racismo.

O racismo vixía as rúas de San Pedro

Neste mesmo ano as violencias supremacistas multiplicáronse e tomaron un papel relevante no barrio de San Pedro. Ademais de ser un dos sitios máis percorridos polos turistas tamén se converteu no fogar dunha gran comunidade de persoas racializadas e/ou migrantes.

O barrio, como a cidade de Santiago de Compostela, non escapa ás lóxicas racistas estruturais, debido á ocupación dunha vivenda en Rúa Belvís e o xurdimento de condutas violentas por parte do inquilino, os veciños do barrio son responsables a día de hoxe dunha campaña desmedida de presenza policial e estigmatización das persoas racializadas e/ou migrantes.

Os medios de comunicación foron un piar fundamental para a expansión do discurso xenófobo e racista, ademais da defensa de actos fascistas para buscar solucións a este caso de ocupación en particular. Condenamos a cobertura que o xornal El Correo Gallego fixo dos feitos, pois ademais de facer un relato a partir de información non contrastada que afirmaba a presenza de "mafias", foi o primeiro medio que insinuou a relación desta vivenda ocupada cos roubos que estaban a suceder paralelamente nese momento, sen ningunha evidencia e baseándose en especulacións[3]. O discurso de odio expandiuse o suficiente para deixar a situación en mans dunha empresa "experta" no desaloxo de vivendas.

De forma anónima convócase á empresa Desokupación Legal constituída por un grupo de homes paramilitares e de extrema dereita, que desaloxan de forma "amigable" os pisos ocupados, contratar este tipo de servizos no barrio de San Pedro é sumamente desconsiderado co

resto dos veciños que ven expostos a violencia e intimidación por "coincidir" cos estereotipos demonizados da ocupación[4].

A presenza desta empresa foi tan só o inicio do ambiente hostil que se respiraba no barrio. un grupo de veciños acudiron ao Concello de Santiago para pedir solucións ou medidas respecto a onda de inseguridade que relacionaban con mafias, drogas, e poboación racializada e/ou migrante. O Concello pola súa banda, no canto de avaliar a situación socioeconómica do barrio, investigar a orixe da percepción deste grupo de veciñas, propoñer campañas de inclusión e/ou traballo comunitario optou por aumentar a presencial policial de forma indefinida nas principais intersección do barrio. Esta medida, ademais de ser intimidadora e crear unha sensación de perigo na comunidade, derivou nun risco para todas as persoas migrantes e /ou racializadas veciñas que habitan no barrio, e, sobre todo, naquelas que están neste territorio nunha situación administrativa irregular.

A partir disto, creouse a campaña "Por un San Pedro seguro" que asolagou as rúas do barrio e os escaparates dos negocios, e convocáronse concentracións semanais na praza 8 de Marzo para manifestarse en contra da inseguridade do barrio. En consecuencia, este colectivo de veciños facendo uso dos seus privilexios converteron o fogar de moitas persoas racializadas e/ou migrantes en rúas vixiadas, e ironicamente, cheas de inseguridade.

As identificacións por perfil étnico comezaron a ser máis frecuentes e desde Resistencia en Terra Allea e Ninguén sen Coidados propuxemos unha reunión de emerxencia coa Asociación Veciñal A Xuntanza. Neste espazo puidemos expresar a nosa preocupación pola situación que estaban a vivir as persoas máis vulnerables do barrio e esiximos o cesamento da presenza policial nas rúas. A pesar de que o diálogo foi posible, e que desde A Xuntanza comprendeuse o perigo que significaba para muches o que estaba a suceder, a día de hoxe seguimos na procura dunha solución para devolverlles aos veciños racializades e/ou migrantes a súa tranquilidade.

Construíndo con SOS Racismo Galicia

No segundo semestre do ano 2020 a equipa de SOS Racismo Galicia sorprendeunos cunha moi agradable noticia: unha colaboración co noso colectivo onde nos brindaban coa oportunidade de compartir e crear coñecementos. Así foi que durante os meses de outubro e decembro estivemos desenvolvendo unha serie de palestras pedagóxicas con temáticas moi variadas. Tivemos que adaptarnos ás circunstancias sobrevidas pola pandemia, mais ficamos con experiencias marabillosas e inesquecíbeis.

Todas as sesións foron desenvolvidas polas integrantes racializadas de ReTA, sendo a primeira charla sobre *Gordofobia, racismo y moda,* levada a cabo por Angelly Ferreiro. Na segunda, Aranxa Vicens realizou unha sesión denominada *Estereotipos audiovisuais. Whitewashing, marxinación e racismo*. Na penúltima, acompañamos a Jessica Azevedo no relatorio *A escola tamén é para racializades!.* E a última sesión foi desenvolvida por Dania Pol, cunha reflexión sobre o *Antirracismo a través do cine*.

Agradecemos moi profundamente ás compañeiras de SOS Racismo Galicia por manter a unión e a conexión, e fortalecer os vínculos e sentimento de comunidade antirracista en tempos de pandemia. Obrigadas!

3. Atemorizados en Belvís: venta de droga y peleas con hachas a plena luz del día url: https://www.elcorreogallego.es/santiago/atemorizados-en-belvis-venta-de-droga-y-peleas-con-hachas-a-plena-luz-del-dia-EB4605125

4. La segregación sociocultural en el barrio de San Pedro. Trabajo de Fin de Grado de Aranxa Vicens (2020). Universidad de Santiago de Compostela.

Outro ano, a mesma loita

Artemisa Semedo

Neste contexto de pandemia intensificouse a crise económica, social, de valores e sentimentos. A supremacía branca afiánzase e ensina os seus dentes, pero tamén os lazos e redes antirracistas son cada vez máis fortes. A sacudida pandémica serviu para quitar veos e reactivar espazos e dores que provocan cambios e novos escenarios antirracistas e decoloniais.

A viralización dos asasinatos dos corpos negros obedece á romantización da violencia dos grupos privilexiados, demostra unha vez máis que a colonización segue vixente e que é racial, que a dor ancestral pervive e se reactiva, pero tamén que cada vez aprendemos máis a re-tomar o poder e usar as redes sociais virtuais e presenciais para denunciar e apoiar a quen ven solxs contra un sistema agresor.

Aínda que en temas de viralización de asasinatos en Estados hexemónicos os movementos sociais de esquerdas de Galiza sempre emiten algún tipo de comunicado ou rexeitamento, por que non sucede o mesmo cando algo similar ocorre ao seu lado?, pode ser que non apeteza tanto romper cos privilexios brancos cando algo non ten tanto sentimento viral?

Tamén as ONG's e as entidades do Terceiro Sector galego e estatal aínda se apoian ou fan valer pouco ou nada aos colectivos antirracistas, formados por persoas migrantes e/ou racializadas que viven todo tipo de violencias cotiánamente e que aínda non ven reparada de ningún xeito (nin sequera a económica) toda a pedagoxía gratuíta e a exposición que vive de cara ao racismo.

Por que aínda nos atopamos con tantos profesionais do terceiro sector coa síndrome do salvador branco? Por que aínda non nos tedes en conta?. E a mancha esténdese tamén cara ao tecido asociativo, xa que nin os que se consideran máis afianzados e activos teñen en conta as vidas racializadas dos seus propios veciños nin aos perigos aos que lles expoñen.

As loitas antirracistas, xunto a colectivos aliades, seguen vivas e cada vez somos máis quen esiximos, resistimos, propoñemos e loitamos polos dereitos que nos infiren como persoas.

Decidín facer este artigo de opinión ou esta reflexión dende a aparición hai uns meses dunha denuncia racista na BBC feita polo artista do pai caboverdiano Cloe Lopes Gomes. Invítoche a ver o vídeo que está na rede. Esta bailarina denunciou á compañía estatal de Berlín pola continua violencia racista recibida por un profesor que considerou que "unha muller racializada non tiña cabida nun corpo de ballet porque, esteticamente, é algo que non encaixa". Esta frase conéctame con moitas outras ideas que vou intentar plasmar sen buscar palabras técnicas e complexas senón unha linguaxe que me sexa comprensible e espero que sexa comprensible para as persoas que len este artigo, dende o propio necesito profundar cal é a miña identidade, como afro-galega, como afrofeminista, como caboverdiana, como muller racializada, como muller negra disidente sexual, porque a identidade é algo moito máis complexo do que din na miña cidade, Burela, de onde es, de onde nace ou de onde é? Algo así como, de onde es, de onde nace ou onde vive? E respondendo a esta pregunta, que sempre penso cando me fan, agora mesmo son moitas máis cousas que simplemente dun lugar onde nacín, Cabo Verde, doutro lugar onde medrei, Burela, entre dúas culturas, Cabo Verdeano e galego, coas súas similitudes e diferenzas, onde estudei noutras cidades, A Coruña, onde se crearon Afrogalegas, Lisboa, Tenerife, Santa Clara- Cuba, para estar finalmente en Madrid, no presente, que é un lugar onde atópome loitando con esa saída da zona de confort, aprendendo, adestrando, en creacións propias ou colectivas, relacionadas con proxectos artísticos, polo que o sinto como unha

etapa de crecemento, por outra banda, lonxe da miña familia, sen un traballo estable , sobrevivindo co mínimo, dentro deste contexto COVID, onde o mundo cultural é un sector afectado, pero tento reinventarme e confío en que aínda se poidan facer cousas pequenas, atópome nesa resistencia como forma de vida ao establecido , a partir de a necesidade de seguir expresando, creando e plasmando proxectos e de estar conectado comigo mesmo, coa miña intuición, o sexto sentido polo que me conmove. O que lle pasou a Cloe Lopes resoa comigo, non só porque é unha muller racializada, da mesma orixe que o seu pai, Cabo Verde, afrodescendente coma ela, como creadora cultural, como estudante de humanidades, senón tamén porque esta frase, por desgraza non é a primeira vez que chega aos meus oídos.

No mes de decembro, recibín unha bolsa de formación en artes escénicas en Barcelona, tiven a oportunidade de ver, participar, experimentar como son os procesos creativos e cales son as ferramentas que utilizan á hora de crear, da man de artistas internacionais no mundo da danza, a performance ... neste caso de artistas do continente africano. O momento África deixou un rastro imposible de borrar nos meus procesos creativos e o primeiro é quen decide a validez dos nosos corpos racializados. Hai un estigma xeneralizado nos nosos esquemas mentais, baseado en prexuízos e criminalización, demonización dos corpos racializados no noso imaxinario.

A colonización que os países occidentais impuxeron aos países do sur aínda segue a prexudicar ás nosas comunidades racializadas e unha desas formas de opresión segue exercéndose nos nosos corpos. A colonización deu lugar a un discurso hexemónico que nos obriga a relacionarnos dun xeito determinado, que obriga aos nosos corpos a estar dun xeito determinado,que nos obriga a pensar dun xeito determinado, onde non hai outras formas de facer, pensar, creando coñecemento, a partir doutras visións do mundo, é aí onde xorde a necesidade de repensar, a necesidade de descolonizar o pensamento, o movemento, a arte, a reflexión ... basta con que decidan sobre os nosos corpos. Destaco este proceso de desaprendizaxe, para aprender a crear outras formas de facer que nos representen nesta sociedade plural na que vivimos xuntos.

A transformación é posible, nunha das súas múltiples formas, a través da morte de certos patróns, fundamentos, estruturas racistas, sexistas, paternalistas, homófobas, explotadoras cara a determinadas poboacións ou comunidades para construír outras bases nas que nos fagan sentir representados, presentes. , que se nos ten en conta, por outra banda, para que se produza esta ruptura, é necesario un desbloqueo da mente, unha apertura ao diálogo, unha recepción, unha escoita, repensarse, autocrítica, un recoñecemento por parte dos países colonizadores dos horrores, asasinatos, mortes, violacións, masacres que fixeron en nome do seu Deus. A loita está comezando e o camiño é longo. Volvendo a feitos reais, quero traer aquí, o que pasou co colectivo Ayllu aquí en Madrid, sen ir máis lonxe, foi expulsado do Centro de Residencia Artística Matadero, por un curso que tivo dúas edicións, POPS (Programa Orientado) ás prácticas subalternas) que aborda catro dimensións do estudo: resistencia corporal, sexual e racial; epistemoloxías trans; prácticas ancestrais e cosmoloxías; e a crítica á Brancura, entendida como unha lectura da historia e os seus efectos no presente, onde se di que o mesmo concepto de superioridade racial foi construído socialmente para xustificar a discriminación contra os non brancos. Estes problemas xeraron molestias e molestias e finalmente non houbo apertura e interese en seguir formando e rompendo esas estruturas coloniais xa que, por suposto, España aínda non pregunta polo seu pasado colonial, de feito, parece que non existe. Malia o colectivo Ayllu resiste noutros territorios, noutros formatos. Un exemplo, unha vez máis, de resistencia, reexistencia e resistencia, e é que os nosos antepasados ensináronnos ben e estas aprendizaxes serán herdadas e recorda-

das. Sempre atoparemos outras formas de facelo.

Quero traer a definición de colonialismo que dá Cheikh Anta Diop. Unha análise da obra de Diop revela unha clara influencia da filosofía africana da educación de DuBois. Diop procede por primeira vez a unha revisión e análise crítica das teorías sobre a orixe da organización familiar e social en Europa, Asia, Oceanía e compáraas cos seus descubrimentos nas sociedades africanas tradicionais e precoloniais, un científico senegalés que emprendeu nun longo proxecto da descolonización das ciencias humanas africanas, o colonialismo baleirou de significado o pasado histórico africano precolonial, minimizando a súa iniciativa e postulando toda innovación como produto de influencias externas.

Falando con Aida Colmenero Díaz, que dirixe o festival Africa Moment, este mesmo debate xurdiu relacionado co sucedido con Cloe Lopes e outros artistas do mundo da danza que sufriron este tipo de violencia racista por parte dos profesores cara aos seus alumnos racializados, especialmente no mundo da danza clásica. Estes artistas tiveron que reinventarse porque unha vez máis, a sociedade hexemónica lembra aos corpos racializados que non hai lugar paranós cando realmente somos parte dela. Os exemplos de resistencia, reexistencia e resistencia que xa nos ensinaron os nosos antepasados, concíbense na miña opinión como o máximo exponencial de responder a algo que non nos permite ser, nesta liña nomeo a escola L'Ecole des Sables (Escuela de Arena) en Senegal. Alí difunde a chamada técnica Acogny, dirixida pola coreógrafa Germaine Acogny, o seu recoñecido método que naceu dun diálogo entre danzas tradicionais africanas e técnicas de danza contemporánea, ou a incrible Nora Chipaumire que lidera un proxecto baseado na técnica Nhaka que consiste en deconstruír e conectar coa vibración do corpo a través do movemento. É importante camiñar cara a un futuro onde as nosas voces poidan escoitarse, onde poidamos ser libres sen esixirnos cumprir con estruturas que non están adaptadas á realidade plural da nosa sociedade.

Dicir que hoxe non hai racismo é negar a existencia dun patrón social preestablecido que nega dereitos e viola as liberdades e a dignidade das persoas racializadas ou non brancas. O racismo funciona estruturalmente, e non é algo que suceda só en Estados Unidos, senón en todo o mundo, en España, na comunidade europea ... O racismo tamén mata, coas súas políticas de lei de inmigración, coa CIES, que son non as Illas Cíes de Galicia, senón os centros de detención de estranxeiros onde nos encerran e controlan coma se fósemos delincuentes por migrar e querer unha vida mellor. Traio á gran Angela Davis coa gran frase de "o feminismo será antirracista ou non será", para crear a ruptura de que o racismo é algo que a comunidade racializada debe resolver, que é quen o sofre, ademais de loitar contra manternos vivas, NON É A NOSA OBRIGACIÓN ter as ferramentas para dar solucións ó problema, quen deben estar ao seu cargo son os propios Estados, exercendo políticas inclusivas e políticas de rexeitamento de todas as formas de vulnerabilidade de dereitos e liberdades ou que sexan en contra da dignidade das persoas. Quixera rematar cunhas frases:

'A verdadeira función do racismo é a distracción. Sigue explicando, unha e outra vez, a túa razón de ser, de existir.Alguén di que non tes idioma. E levas vinte anos demostrando que non é certo, que tes un. Alguén di que a túa cabeza non ten a forma correcta. E gasta tempo e recursos en investigación científica para demostrar que o fai. Alguén di que non tes arte. E cavas e expós a verdade. Alguén di que non tes reinos. Entón cavas e demostras a verdade. Pero nada disto é necesario - e nada é suficiente -Ben, sempre haberá unha queixa máis, Unha razón máis para criticarte ". **- Toni Morrison**

O que pido e esixo é a miña liberdade, liberdade de movemento, liberdade na danza, liberdade do meu corpo, liberdade da miña voz, liberdade da miña identidade, liberdade de crear, o que queremos recuperar é esa liberdade de non ser nada máis e nada menos ca nós mesmas.

Ano 2020, um homem foi linchado ontem

Sonia Mendes da Silva

Som tempos complexos os que estamos a viver. COVID-19, mortes espalhadas polo mundo, exames e precauçons, menos contato social, mais encerro e violência, maior presença nas redes sociais…. E de súpeto, somos testemunhas de um assassinato que se comete durante o dia e fica registado no telemóvel de umha rapariga negra que acha necessário gravar o acontecimento para que as vidas das negras importem.

Passam dias e este sucesso é repetido milhares de vezes nos meios de comunicaçom obrigando-nos a todas a ser cúmplices da impunidade com a que pessoas, que representam as forças da "ordem", cometem um crime abominável mesmo sabendo que estám a ser gravados num telefone. Parte-se-me a alma ao escuitar George Floyd pedindo clemência e inclusive chamar a sua nai nesses fatídicos minutos antes de deixar de falar, de luitar, de respirar.

Passam este vídeo no telejornal enquanto apuro a comida e discuto com o meu companheiro sobre a dureza das imagens e a necessidade de reproduzi-las na televisom, sem avisar previamente de que nesse momento vamos ver como um homem negro de idade adulta é violentado de um modo tam cruel.

[Paro de jantar, revolve-se-me o estómago e as bágoas começam a caírem sem dar-me conta…velai outro mais]

Desligo a televisom e tento recobrar a estabilidade enquanto penso sobre a "boa sorte" que temos as pessoas negras neste mundo cruel. Surpreende a falta de sensibilidade de todos os meios (ademais das milhares de pessoas) que nom fam mais do que partilhar algo que, do meu ponto de vista, representa a desgraça e a negrofobia presentes, ainda que depois muitas dessas pessoas se cansem em repetir esse mantra de: "Nom vejo cores, todas as pessoas pertencemos à raça humana".

Surpreende a falta de sensibilidade de todos os meios que nom fam mais do que partilhar algo que, do meu ponto de vista, representa a desgraça e a negrofobia presentes.

Esse terrível sucesso e as milhares de revoltas que se sucedem durante dias em diferentes partes do mundo servem para que a maioria da populaçom branca que, até o momento vivia num coma induzido, tenha em boca palavras com as quais anteriormente nom se sentia identificada, nom compreendia ou negava rotundamente que isso sequer existira. Termos como 'racismo institucional' e a sua vinculaçom com as atuaçons das forças de segurança do estado passam a converter-se no fio condutor de um movimento antirracista de meia-pataca que precisa fazer-se visível (para existir) através de um quadrado em negro que simboliza o seu apoio a esta corrente política tam necessária em todas. Resulta quase de brincadeira essa facilidade para explicar a conexom entre o racismo institucional e o funcionamento de umha sociedade como a americana enquanto negam que essa mesma situaçom suceda aqui onde elxs vivem, tam pertinho da casa e da súa realidade.

O que acontece no território do estado espanhol nom é reconhecido polos meios e as massas populares como racismo institucional, nom existe a brutalidade policial neste país, e, de existir, é para conter aquelas ondanadas de imigrantes ilegais que venhem viver do estado e roubar empregos que ninguém quer.

É indignante como as mortes desta parte do mundo nom tenhem tanto tirom como as que acontecem lá, basta comparar os minutos dados para analisar o caso de George Floyd com o acontecido com as mortes do Tarajal, a morte de Imad num centro de menores ou as estranhas mortes que tenhem lugar durante as cus-

tódias policiais, por nom falar da existência dos CIES e o que ocorre em território de ninguém.

Penso que no Estado espanhol demasiadas vezes comparam-se ou vinculam-se os termos racismo, imigraçon ou ilegalidade, facto que simplifica a realidade e oculta as vulneraçons que tenhem cabida nessa tríada.

O que é o racismo para a sociedade galega e como se reproduz?

Quem som aquelas pessoas consideradas imigrantes? Só elas estám expostas aos comportamentos racistas?

Quem som consideradas ilegais?

Eu pergunto-me, é tam simples para estas pessoas identificar a funcionalidade do racismo numha realidade tam afastada como a que existe nos Estados Unidos da América e nom a que sofrem as suas vizinhas na Galiza? Trata-se de simples ignorância ou de hipocrisia para denunciar aquela situaçom e à vez ser cúmplice de um sistema espanhol que te beneficia no momento em que nasces?

O que é o racismo para a sociedade galega e como se reproduz? Quem som aquelas pessoas consideradas imigrantes? Só elas estám expostas aos comportamentos racistas? Quem som consideradas ilegais?

É preciso reconhecer a pele que habitamos e o contexto histórico e social em que medramos antes de pôr-nos a reflexionar e opinar sobre realidades alheias nunca sofridas. Som diversas as variáveis a ter em conta assim como a natureza do sistema colonial herdado. Ditos imaginários, construídos em épocas de colonizaçom, expropriaçom e exploraçom racial deixam umha pegada histórica que pouco interessa a aquelas antigas potencias mundiais derrubarem. Como se estabelece o privilégio racial e por que é umha tónica que se reproduz na atualidade? Será que isto servia e serve para favorecer a mobilidade social de umhas elites brancas que se negam a reconhecer dito poder para nom ter que reparti-lo? Como me benefício eu desta lógica? O que acontece no meu país com as pessoas racializadas? Som violentadas como acontece em EUA com a brutalidade policial contra a comunidade negra?

Para mim estas som as primeiras perguntas que cada pessoa deve responder, reflexionar, em privado (a poder ser) sobre a sua vida e a dos seus familiares e a relaçom com a sociedade ou país em que reside. Nom devemos ter medo a questionar-nos, pois é o modo de desaprender sobre a nossa trajetória vital e construir ferramentas com as que desacordar antigas atitudes e comportamentos racistas para começar a ser umha cúmplice mais. Pensar que esta luita antirracista só nos pertence às pessoas racializadas é um grande erro.

Agora que já o sabes, que vás fazer?[1]

1. Artigo escrito por Sonia Mendes para o Novas da Galiza
http://novas.gal/wp-content/uploads/2020/08/ngz191_web.pdf

NO Justice
NO Peace!
#BLM
GUESS
adidas

RACISMO E XENOFOBIA EN GALICIA
INFORME ANUAL 2020

XUNTA DE GALICIA

SOS RACISMO Galicia

SOS RACISMO GALICIA

A CORUÑA
Rúa Alcalde Lens, 34 1ºC
(+34) 698 163 742
info@sosracismogalicia.org

VIGO
Rúa Torrecedeira, 55 entresollado
(+34) 678 811 714
vigo@sosracismogalicia.org